

IGADI ANNUAL REPORT 2022-2023

Globalización e multipolaridade en tempos de Guerra



INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



En Galicia
temos
opinión
do Mundo

www.igadi.gal



Globalización e multipolaridade en tempos de Guerra



Edición: Daniel González Palau (Director IGADI) e Marola Novas Padín (Vicedirectora IGADI e Directora adxunta do Observatorio de la Política China)

Equipo colaborador: Oliksey Romanov, Niranjan Marjani, Masashi Oki, Andrea Mila, Wesley Sateles Guerra, Alfredo Toro Hardy, Manuela Mesa, Diego Sande Veiga, María Eugenia Alamos e Salam Al Rabadi.

Equipo de tradución e revisión: Sara Agis e Luana Hernández

Maquetación: BREO.gal

ISSN: 1989-9130

OBSERVACIÓN: As opinións expresadas non reflicten necesariamente as do IGADI e son responsabilidade dos seus autores.

Segue ao IGADI en [TWITTER](#) ou [FACEBOOK](#),
subscríbete ao noso [boletín electrónico](#) na páxina web
www.igadi.gal ou escríbenos a info@igadi.gal.

Índice

1. Presentación

- 1.1. Os 31 anos do IGADI 5
- 1.2. Equipo IAR 2022-2023 7

2. As Chaves de 2022

- 2.1. A invasión da Ucraína e as incertezas sobre a globalización 11
- 2.2. A Unión Europea postpandemia, renovación e continuidade 12
- 2.3. A Guerra e o mundo multipolar 12
- 2.4. Unha volta de torca ao Pensamento Xi 13
- 2.5. Despois dos confinamentos o verán máis quente: De Glasgow a Sharm el-Sheik 14

3. As Perspectivas 2023

- 3.1. Guerra na Ucraína: Estancamento, ameaza nuclear ou plan de paz? 16
- 3.2. Variables na Guerra Fría: Eleccións no 2024 17
- 3.3. Os desafíos dos BRICS no Ano do Coello 17
- 3.4. A volta de Brasil ao espazo da Lusofonía 18
- 3.5. A Axenda 2030: O desenvolvemento humano en guerra 19

4. Reflexións por áreas xeográficas 2022-2023

- 4.1. Guerra de Rusia contra Ucraína, o inimigo debe ser derrotado.
Por Oleksiy Romanov 21
- 4.2. A Guerra Rusia-Ucraína e a independencia estratéxica da India.
Por Niranjan Marjani 24
- 4.3. A onda progresista xera un cambio de aires para a integración latinoamericana.
Por Andrea Mila 26
- 4.4. Um ano decisivo para as nações lusófonas. *Por Wesley ST Guerra* 28
- 4.5. Os retos do Xapón para o 2023. *Por Masashi Oki* 31

5. Reflexións transversais 2022-2023

- 5.1. O enterro da globalización? *Por Alfredo Toro Hardy* 33
- 5.2. A Nova Orde Económica Mundial. *Por Diego Sande* 37
- 5.3. Cultura de paz en tempos convulsos: os retos do pacifismo diante da invasión rusa na Ucraína. *Por Manuela Mesa* 39
- 5.4. Axenda 2030 e Diásporas. *Por María Eugenia Alamos* 43
- 5.5. Problemática da Intelixencia artificial e a Biotecnoloxía na política global.
Por Salam Al Rabadi 45

6. As personaxes do ano: Francia Márquez, Nancy Pelosi, Giorgia Meloni,

- Masha Amini, Lula da Silva 48

1.

Presentación

No 2022 titulamos o IGADI Annual Report (IAR) 2021-2022 “*Desorde pandémica, interdependencias e guerra*” aínda baixo o impacto do inicio da invasión Rusia da Ucraína. Logo dun espellismo inicial arredor dunha vitoria rusa fugaz, a guerra lóstrego cambiou de natureza e avanzou entre unha guerra tradicional e unha guerra marcada, entre moitas outras cuestións, polas innovacións tecnolóxicas en todos os ámbitos, do estritamente militar, ao comunicativo ou económico.

A perigosa década dos 20, deixounos un 2022 pesado, onde a guerra voltou a ter protagonismo en Europa despois de décadas de paz. Con ela, outro ano máis, como no último trienio, o IAR 22-23 sae con certo atraso. Intencionalmente aspirabamos a lanzar o IAR 22-23 despois da Festa da Primavera na China, en febreiro, co inicio do Ano do Coello, mais elementos de distinta natureza leváronnos a ter que agardar até o 17 de maio e lanzalo coincidindo co Día das Letras Galegas e a homenaxe a Paco Fernández del Riego.

No lapso que traballamos entre o IAR 2021-2022 e o IAR 2022-2023, aínda atorados pola pandemia e os confinamentos globais de 2020-2021, (con sorpresas de última hora na China do 2022), simultaneamos 15 meses de Guerra cós cambios e a resaca que acelerou o episodio global pandémico: o mundo dixital, a transición enerxética, a polarización e o aumento das desigualdades...

A invasión da Ucraína, prodúcese nese mundo novo onde a China e os EEUU au-

mentan as hostilidades, xa sen máscaras pola rúa en ningunha capital europea ou mundial. Nese escenario de fondo, Rusia revitalizou o nacionalismo conservador arredor do globo e axitou a crítica ao expansionismo da OTAN e ao sistema de normas occidentais. Sen embargo, a invasión, ademais de esnaquizar aínda máis o sistema de Nacións Unidas, alimentou un novo atlantismo e unha parálise na autonomía estratéxica europea, agora máis activamente defensora das súas alianzas cos EEUU e con Finlandia na OTAN (4 de abril do 2023, coincidindo co 74º aniversario da organización) e Suecia ás portas de entrar na alianza militar.

Así, xa ben avanzado o ano 2023, presentamos de maneira panorámica as variables e as ideas fortes que construíron o 2022 así coma os acontecementos e as tendencias a observar de maneira particular durante os próximos meses e anos, onde os cambios pandémicos e a guerra conflúen coas interdependencias do mundo globalizado, así coma cun desorde fraguado décadas atrás.

Como é inevitable, no IAR 2022-2023 a Guerra atravesará todas as colaboracións das nosas investigadoras. Nas áreas xeográficas a primeira análise achégase á invasión da Ucraína, da man do noso investigador Oliksey Romanov, que mes a mes achegounos crónicas na web desde o comezo da invasión, transportándonos ao cotián ucraíno e a xeopolítica da Guerra. Aínda que o artigo escribiuse durante o mes de febreiro deste ano, as liñas mestras do mesmo seguen vixentes, a excepción da activación da tan agardada mediación chinesa.

Ademais neste IAR achegámonos á Guerra e ao tránsito 2022-2023 desde outros espazos afastados de Galicia, como son

exemplo os textos do Niranjani Marjani desde a India, ou o do Masashi Oki desde o Xapón. O primeiro describíndonos a particular natureza das relacións internacionais indias, recen superada a China no número de poboación total (24 de abril do 2023) e enfocando o Xapón Post Abe no segundo, tralo asasinato do antigo primeiro ministro xaponés en agosto do 2022. Finalmente decidímonos a pechar os artigos por área xeográfica, centrando a atención en dous espazos onde o IGADI conta cunha especial conexión: ás eleccións no espazo global da lingua portuguesa durante o 2022, onde tivemos eleccións en Angola, Bissau, Sao Tomé e Brasil (Wesley Sateles Guerra) así como ao péndulo latinoamericano, onde o poder e os acontecementos electorais oscilantes afectan a todo o proceso de integración rexional, que a trancas e barrancas, avanza (Andrea Mila).

Tamén nos artigos das áreas transversais a Guerra provoca e impacta, mais tamén hai espazo para máis elementos de contexto e de fondo. Así, poñemos o foco na orde económica en disputa, que conta con indicios de ebulición avivadas pola Guerra (Diego Sande) a urxencia dun pacifismo renovador e estrutural que volte avanzar na sociedade global (Manuela Paz) o papel da biotecnoloxía e a intelixencia artificial no mundo do futuro (Salam Al Rabadí), a relación entre a Axenda 2030 e as diásporas (María Eugenia Alamos) ou en fin... estamos ante o final da globalización, vivimos o seu enterro? (Alfredo Toro Hardy).

Por último pechamos o IAR coas Personaxes do ano, nos que apostamos por distinguir figuras do 2022 que o seguen a ser durante o 2023 e que asociamos cos temas, as claves e as perspectivas que presentamos ao longo de todo o anuario.

Agradecemos finalmente as achegas das nosas investigadoras asociadas, así como as persoas que colaboraron co IGADI para a realización desta 16ª edición do IAR, como as tradutoras de prácticas, que fixeron un traballo excelente. Tamén á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, por apoiar esta nova edición do IAR e van dezaseis.

1.1. 31 anos do IGADI

En 1991, o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, IGADI (www.igadi.gal), naceu como un proxecto independente de partidos ou empresas, co propósito de construír un *think tank* para as relacións internacionais capaz de proxectar a Galicia na sociedade global.

Entre os fitos desde a súa fundación, cómpre destacar que:

- O IGADI publica cunha periodicidade semestral a súa revista académica de relacións internacionais e estudos globais, *Tempo Exterior*, cun consello de redacción e consello científico ligado á universidade galega e internacional.
- O IGADI publica regularmente informes anuais, como o *IGADI Annual Report*, de relacións internacionais e xeopolítica global, e o seu anuario sobre a acción exterior de Galicia, *Nós No Mundo*.
- O IGADI converteuse nos seus trinta e un anos de actividade nunha escola e canteira de analistas en xeopolítica e estudos globais de referencia, situándose notablemente entre os *think tanks* do estado español, segundo o ránking que elabora cada exercicio a Universidade de Pensilvania dos EEUU.

- O IGADI elaborou o primeiro Libro branco da acción exterior de Galicia no ano 2003, durante a presidencia de Manuel Fraga.
- O IGADI é unha entidade de recoñecido prestixio no ámbito dos estudos chineses, impulsor do Observatorio de la Política China. Xulio Ríos, fundador e presidente de honra da entidade, gañou o premio Cátedra China en 2018 e o premio Casa Asia en 2020.
- O IGADI deseñou e puxo en marcha en 2009 o *OGALUS* (Observatorio Galego da Lusofonía) que, atendendo ás realidades, historia, sinerxías e intereses do país, atende de xeito permanente ao espazo internacional da Lusofonía. No 2022 organizou co CEPES e a Universidade Fernando Pessoa o *II Congreso de Ação Humanitaria e Cooperaçã para o Desenvolvemento*. No 5 de maio do 2023, día mundial da lingua portuguesa, presentou un especial polo seu *15º aniversario*, contando coa colaboración de 25 especialistas de 4 continentes.
- O IGADI forma parte, na súa calidade de entidade experta, do Consello galego de acción exterior da Xunta de Galicia desde a súa constitución en 2010.
- No marco da Estratexia galega de acción exterior (EGAEX) impulsada pola Xunta de Galicia, en funcionamento desde o 1 de marzo de 2018, cítase expresamente ao IGADI como actor chave para a acción exterior de Galicia en Asia e China. Na EGAEX, no seu balance histórico, tamén se recoñece a participación do IGADI nos principais consensos arredor da traxectoria da acción exterior de Galicia.
- O IGADI elaborou durante o mandato municipal 2015-2019 os estudos para as *Bases de acción exterior* dos concellos de Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra e Lugo. O 21 de marzo de 2019 o pleno do Concello da Coruña aprobou por unanimidade, co voto favorable de todos os grupos, a declaración institucional “*A Coruña no mundo global do século XXI*” en apoio ao devandito documento. No 2022 realizamos as segundas Xornadas “*A Coruña no mundo global*” coa participación das principais entidades da cidade, como a a Autoridade Portuaria, a Cámara de Comercio, a Universidade da Coruña, así como o Estado, a Xunta de Galicia e o Concello, que apoio o Convenio co que tamén producimos un Mapa da cidade global da Coruña en linguas internacionais (portugués, español, inglés, chinés e galego)
- O IGADI executou o proxecto “*O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente*” entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de outubro de 2020, froito da convocatoria de proxectos da Xunta de Galicia “O teu Xacobeo”. A iniciativa representou de facto un fito na historia das relacións entre Galicia, España e China.
- O 10 de setembro do 2021 o IGADI cumpriu 30 anos e o 1 de outubro celebrámo-lo nun acto no Consello da Cultura de Galicia, onde festexamos a nosa historia apostando por darlle continuidade ao tempo que innovando novas posibilidades. Na celebración do 30 aniversario presentáronse os Libros Homenaxe a Xulio Ríos “*Unha vida de compromiso para unha Galicia universal*” e “*De Ga-*

licia a China: Donde hay voluntad hay un camino”.

- Desenvolvemos coa Deputación de Pontevedra as Xornadas “Galicia na lusofonía dos anos 20” ou a Gala da Lusofonía: A República dos Sonho” aínda da elaboración do estudo “A Deputación de Pontevedra e a acción exterior de Galicia”.
- O 21 de xaneiro do 2023 inauguramos a paxina web nova www.igadi.gal despois dunha década sen cambios. Un portal multi-idioma para que te uans á comunidade IGADI.
- Desde comezos do 2023 traballamos co Campus Industrial de Ferrol e o Grao de Relacións Internacionais da Universidade da Coruña apoiando a súa internacionalización e o Grao de Relacións Internacionais do Campus Industrial de Ferrol.
- O 10 de setembro do 2022 o IGADI cumpriu 31 anos, o 10 de setembro do 2023 cumpriremos 32.

1.2. Equipo IAR 2022-2023

O equipo do IGADI Annual Report 2022-2023 confórmase por especialistas galegos e internacionais, combinando a participación de analistas con traxectorias consolidadas e novos valores vinculados ao equipo humano do IGADI. O IGADI Annual Report, coma informe anual de relacións internacionais e política global, cumpre no 2023 o seu 16º aniversario, xa que a primeira edición arranca co IAR 2007-2008. Cómpre agradecer o traballo de tradución realizado polas estudantes en prácticas do Grao en Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, Sara Agis e Luana Hernández.

Editores IAR 2022-2023:



DANIEL GONZÁLEZ PALAU
Director do IGADI.



MAROLA PADÍN NOVAS
Vicedirectora do IGADI e
analista do Observatorio de la
Política China.

Achegas por áreas xeográficas e transversais IAR 2020-2021:



OLIKSEY ROMANOV
Historiador e investigador centrado en cuestións ligadas á liberación nacional e social no século XX e na actualidade, especificamente en Alemaña, España, Catalunya, Ucraína, Bielarús, Lituania, Grecia, etc. En 1986 defendín a tese doutoral sobre movementos migratorios no interior e exterior de España en 1975-1985. Traballei como investigador no Instituto de problemas sociais e económicos do exterior da Academia Nacional de Ciencia de Ucraína, publicando artigos sobre traballadores migrantes, a cuestión nacional en Catalunya, minorías nacionais en Europa Occidental. Traballando no Instituto da historia de Ucraína da mesma Academia, dediqueime a investigar o pasado da comunidade grega en Ucraína e a súa relación coa súa patria histórica. Desde os anos 90 colabora co IGADI.



NIRANJANA MARJANI

Analista político independente e investigador de Vaidara, India. As súas áreas de especialización son as relacións internacionais e a xeopolítica. Colabora con artigos en revistas e think tanks na India e no estranxeiro. As súas áreas de traballo son a política exterior da India, o sur de Asia, o sueste asiático, o Oriente Medio, a rexión Indo-Pacífico, Europa e España. É editor consultor de The Kootneti Español, unha revista india de relacións internacionais publicada en español. É consultor como analista de riscos políticos a entidades corporativas dentro e fóra da India.



MASASHI OKI

Licenciado en Ciencias Políticas pola Universidade de Chuo (Xapón), Máster en Xestión da Cooperación Internacional e ONG (USC), membro da Asociación Cervantes de Kioto, membro da Asociación Xaponesa de Estudos Latinoamericanos e investigador asociado do IGADI. Publicou varios artigos en galego e castelán, entre eles obras como “A remilitarización de Xapón”, Tempo Exterior, nº 16, Xaneiro-Xuño 2008, “A Comunidade do Leste Asiático e a complexidade rexional”, Tempo Exterior, nº 20, Xaneiro – Xuño 2010, “Face where are you going or Xapón de Shinzo Abe?”, Tempo Exterior, nº 27, Xullo-December 2013.



ANDREA MILA

Investigadora da Fundación Carolina. Doutorada en Marketing Político, Actores e Institucións en Sociedades Contemporáneas

pola Universidade de Santiago de Compostela. Máster en Relacións Internacionais e Diplomacia polo Instituto de Estudos Nacionais Superiores (IAEN) con experiencia na área de relacións bilaterais e multilaterais, cooperación internacional, elaboración de documentos e reunións preparatorias para a toma de decisións de alto nivel, comisións mixtas, negociación, subscripción e seguimento dos convenios internacionais e da súa respectiva execución e articulación dos entes das administracións públicas.



WESLEY SATELES GUERRA

Coordinador do Observatorio Galego da Lusofonías (OGALUS) desde 2022. Coordinador de pesquisa da Universidade Federal Fluminense do Rio de Janeiro e Doutorando em Relações Internacionais, Mestre em Políticas Sociais e Intervenção Comunitária (Universidade de Coruña), Especialista em Migrações (UDC), Especialista em Ciências Políticas e Relações Internacionais (FESPSP – Fundação Escola de Sociologia e Política de São Paulo), MBA em Global Management (Massachusetts Business Institute), MBA em Parcerias Globais (ILADEC – Instituto Latinoamericano para o Desenvolvimento da Economia e Ciência), Bacharel em Administração de Empresas (UCB – Universidade Católica de Brasília). Especialista em Gestão de Projetos para o Desenvolvimento pelo BID – Banco Interamericano de Desenvolvimento. Membro do Smartcities Council, ECPR European Consortium for political research, Aliança Eurolatina de Cooperação entre Cidades e IAPSS International Association for Political Sciences Students. Atualmente é pesquisador e presidente do CERES.



ALFREDO TORO HARDY

Diplomático de carreira xubilado. Ata a súa renuncia ao Servizo Exterior de Venezuela, despois de longos anos no mesmo, exerceu como embaixador en Estados Unidos, Reino Unido, España, Brasil, Chile, Irlanda e Singapur, ademais de director da Academia Diplomática do seu país. É autor de 20 libros e coautor de 15, así como autor dunha trintena de artigos publicados en revistas académicas revisadas por pares, a gran maioría delas sobre relacións internacionais. Algúns dos seus libros gañaron premios internacionais. Xubilouse da Universidade Simón Bolívar de Venezuela co rango de Profesor Asociado. Tamén foi profesor visitante nas universidades de Princeton e Brasilia e profesor en liña na Universidade de Barcelona. Serviu como asesor académico da Universidade de Westminster e foi dúas veces bolseiro residente no Bellagio Center da Fundación Rockefeller.



MANUELA MESA

Doutora en Socioloxía e Antropoloxía pola Universidade Complutense de Madrid e unha das principais especialistas en España en Investigación pola Paz. Directora do Centro de Educación e Investigación para a Paz (CEI-PAZ) e do Instituto Universitario DEMOS-PAZ da Universidade Autónoma de Madrid (UAM). Membro do Comité de Expertos do Índice de Paz Global e vicepresidenta da Women League for Peace and Freedom (WILPF), sección española.



DIEGO SANDE VEIGA

Coordinador da Liña de investigación en Economía do IGADI. É profesor de Economía Aplicada na Universidade de Santiago de Compostela e doutor en Economía e Empresa. É ademais funcionario da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. As súas liñas de investigación principais céntranse no impacto das políticas públicas de innovación en Galicia, na xestión e aplicación dos Fondos Europeos para o desenvolvemento rexional e na innovación tecnolóxica medioambiental. Colabora co Grupo de Investigación ICEDE (Innovación, Cambio Estructural e Desenvolvemento) da Universidade de Santiago de Compostela e co IGADI. Forma parte do Consello de Redacción da Revista Tempo Exterior.



SALAM AL RABADI

Autor e investigador en Relacións Internacionais. Doutor en Filosofía en Ciencias Políticas e Relacións Internacionais (Líbano). Actualmente preparando unha segunda tese de doutoramento: *The Future of Europe and the Challenges of Demography and Migration*, Universidade de Santiago de Compostela, España. Investigación Posdoutoral, Instituto Politécnico de Bragança (IPB), Portugal, 2022. Investigación Posdoutoral, Universidade de Porto (UP), Portugal, 2021.



MARÍA EUGENIA ALAMOS

Coordinadora do Observatorio das DIásporas do IGADI.

Profesora universitaria de Xeografía (UNLP) e Doutoranda do Programa de Intercambio Académico Alemán en Estudos Culturais Interdisciplinares de Europa e América Latina CUA; Ibero-Amerikanisches Institut von Berlin, Universität Rostock e UNLP. Especialista en Integración Intercultural de Migrantes e Refuxiados. Consultora Externa en Migración Internacional para África, Europa e América na Organización Internacional para as Migracións – OIM/ONU. Consultora experto en diásporas para América Latina – OIM/ONU. Especialista en Contidos sobre Dereitos Humanos e DMA no Instituto Interamericano de Dereitos Humanos – IIDH en Costa Rica. Membro da Rede de Investigadores e Científicos Arxentinos no Exterior – RAICES e da Rede de Científicos Arxentinos en Alemaña (RCAA).

2.

As Chaves de 2022

2.1. A invasión da Ucraína e as incertezas sobre a globalización

Coa Guerra, a globalización, afectada na pandemia dun virus loxístico, económico e psicolóxico global, acelerou a súa depresión. Así tralo espellismo inicial dunha vitoria rusa fugaz tomando Kíiv en menos dun mes, a resistencia ucraína e a súa alianza coa OTAN e a UE abriu novas fendas e escenarios variados nos distintos bloques rexionais. Coa axuda do apoio armamentístico de parte das potencias occidentais, a Ucraína conseguiu resistir a invasión, repeler as distintas ofensivas rusas de forma heroica e estancar a Guerra aumentando o ton do conflito renunciando a calquera negociación.

Segundo un informe publicado a comezos do 2023 pola Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos, polo menos 8.006 civís morreron e 13.287 resultaron feridos na guerra de Ucraína. Ademais, máis de 7 millóns de persoas refuxiadas, case 7 millóns de desprazadas internas, destrución masiva de infraestruturas, desabastecemento e violacións de dereitos sistemáticas, son o retrato humano que deixa o conflito até o de agora.

A fin da paz en Europa acabou de afectar ao conxunto do ecosistema de seguridade global, xa en transición nos últimos anos. Do planeamento militar ao resto de esferas de

cooperación internacional a desconfianza tornouse en regra. Desde as primeiras sancións a Rusia, a guerra económica e financeira que acompaña a do campo militar, agudizou os problemas da economía global e a reestruturacións nas cadeas de valor, xa traumatizadas pola pandemia da Covid-19. Fitos simbólicos, entre moitos, como a da expulsión de Rusia do Sistema SWIFT (o sistema comercial de pagos internacional) caracterizan esta fotografía. A guerra total coqueteou así nas axendas mediáticas e o tabú nuclear que caeu, xa é unha expresión coloquial.

Os ataques e contra-ataques no campo de batalla confirmaron mes a mes o espellismo da Guerra lóstrego, amplificando a forza da Guerra informativa que inunda as pantallas de todo o mundo, nun novo episodio global de magnitudes sensiblemente diferentes ás de escenarios similares, produto da amplificación das novas tecnoloxías e o ruído das redes sociais. Se a invasión da Ucraína por Rusia deu a razón á intelixencia dos EEUU (descadreditada desde a Guerra de Iraq en Europa e fortemente cuestionada co fracaso en Afganistán) o 2023 confirmou a parálise da autonomía estratéxica europea, rachando décadas de aproximación a Rusia conducidas por Angela Merckel.

Mentres Rusia conseguiu, non sen dificultades, evolucionar o seu discurso desde a Operación Especial e a desnazificación da Ucraína a unha Guerra pola supervivencia de Rusia como Estado, a OTAN consolidou un Novo Concepto Estratéxico, no Cumio de Madrid, do 29 ao 30 de xuño de 2022. Con el, a Guerra entre as Democracias e os Autorcracias que popularizou Joe Biden durante o 2021 acabou de asentar no imaxinario europeo do 2022.

2.2. A Unión Europea postpandemia, renovación e continuidade

O ano 2022 comezou na UE coa renovación de poderes en Alemaña e Francia trala pandemia do 2020-2022. Xa o 9 de decembro do 2021 Olaf Scholz, nomeado personaxe do ano no IAR 21-22, asumía a presidencia de Alemaña, conseguida logo das negociacións para conformar a coalición semáforo, pola referencia aos partidos ecoloxista liberal e social liberal cos que pactou. Daba comezo unha dura transición da era Merkel (2005-2021) tanto no país como no SPD, que moi rapidamente foi inundada polas distintas crises que abriu a invasión rusa da Ucraína (24 de febreiro 2022).

Mentres, en Francia, Macron encarou a primeira volta da campaña electoral (abril 2022) no escenario da invasión e a Guerra, sendo capaz de poñer o traxe da Francia posible e gañar con contundencia a primeira volta (aínda que a extrema dereita conseguiu sumando as súas distintas listas o 30% dos votos emitidos). Se durante o mes de xaneiro e febreiro do 2022 Macron foi un dos grandes enganados por Putin durante a Guerra informativa, co paso das semanas e meses foi capaz de alternar discursos fortes en relación coa autonomía estratéxica europea coa defensa á soberanía da Ucraína, así como da necesidade de armala. De novo cos partidos tradicionais franceses ausentes da votación decisiva, no mes de xuño enfrontouse na segunda volta a Marine Le Pen, conseguindo unha vitoria máis axustada que a de 2017, co 58,54% dos votos emitidos, fronte ao 66.1 % das de 2017.

Con estes vimbios a renovación no eixo franco-alemán viuse así sacudido polo desa-

fío ruso ao status quo europeo, que deixaran en suspenso os Acordos de Minsk (2014) e que tan mal funcionaron. A renovación nas dúas grandes capitais europeas de poder, non sen cambios de guión e sen friccións internas notables arredor das sancións a Rusia, non lle deu moitos ánimo a quen tivera a ilusión dunha UE reforzada.

Se existe un traballo sistemático en relación a autonomía estratéxica non se ve máis que nos procesos técnicos, onde si se están a tomar decisións no marco do plan de acción aprobado no mes de maio do 2022 “*A Strategic Compass for Security and Defence - For a European Union that protects its citizens, values and interests and contributes to international peace and security*”. Calquera traballo técnico vese subsumido pola política e a división interna dentro da UE, unha veces máis agudizada e outras menos.

A falta de orde e dilixencia nesa voz común, alén do éxito da personificación da Comisión de Von Der Leyen, aínda que comprensible polas esixencias do directo, non resiste a capa de ilusión máis convencida. Como fotografía de resignación, as dúbidas e os silencios arredor da destrución do gasoduto Nord Stream I e II o 26 de setembro (do que tanto se ten falado arredor das posibilidades de Eurasia ao longo das quince edicións previas do IAR).

2.3. A Guerra e o mundo multipolar

A Guerra, que na primeira ollada cómpre observarse como un conflito nas fronteiras europeas ligada á mala dixestión do final da Guerra Fría, cómpre nunha segunda aproximación panorámica lerse baixo o enfronta-

mento USA-China. Sen embargo, o escenario global actual agocha moito máis que unha bipolaridade, xa que assistimos á aparición de novos actores (Turquía, India, Indonesia, Brasil, Irán...) con capacidade e vontade de influír no deseño da orde internacional. Non é como na Guerra Fría do S.XX, na que tiñan que escoller un bloque ou outro, a fluidez é a norma e a aposta maioritaria defender con uñas e dentes o perfil propio, sen deixarse atrapar de maneira integral por ningún dos dous bloques.

Isto ficou claro durante todo o 2022. Se a activación das sancións contra Rusia foron o principal termómetro para avaliar a estratexia occidental de illamento a Putin, os matices na consolidación dos bloques, son unha das fotografías desta nova multipolaridade. Así as cousas, moitos dos Estados condenaron a invasión rusa e a anexión dunha parte de Ucraína, pero non se sumaron ás sancións contra Moscova, ao interpretar o conflito como unha resaca do vello imperialismo así como da capacidade dos USA de definir as normas da sociedade internacional (por exemplo, preocupa moito a conxelación dos activos do Banco Central de Rusia -e doutros privados- en Occidente).

A convivencia africana e latinoamericana coa intervención rusa en Ucraína, implica lecturas alén do resentimento histórico, lecturas conectadas á sensación de profundos cambios na sociedade internacional e ao fin dunha era, o declive dos USA como potencia hexemónica. Esta situación acaba por desbordar aos Estados, impactando ás sociedades, que máis alá da neutralidade diplomática, reflicten opinións públicas a favor de Rusia, especialmente visibles nas redes sociais. Nesta liña, os BRICS gañaron en visibilidade públi-

ca a nivel mundial ao longo de todo o 2022, onde a China exerceu a presidencia rotatoria.

Destacou durante o 2022 a boa saúde da Organización de Cooperación de Shanghai (OCS), que fundada no ano 2001, non deixa de medrar en número de socios e capacidade de concertación, representando xa ao 44% da poboación mundial. Así, na Declaración de Samarcanda (16 de setembro), na última cimeira de xefes de estado da OCS avánzase un consenso respecto de que a rexionalización (euroasiática) podería substituír a globalización actual, de non darse as mudanzas necesarias no sistema internacional. Para isto trabállase na orde política, económica ou militar.

Por detrás do escenario destes grandes cambios hai un dato, que non por coñecido deixa de ser inquietante. O gasto militar mundial durante o 2022 volveu bater un récord histórico (por oitavo ano consecutivo), alcanzando a cifra de 2,24 billóns de dólares, o que supón un aumento do 3,7% en termos reais con respecto a 2021 (datos do Instituto Internacional de Estudos para la Paz de Estocolmo, SIPRI).

2.4. Unha volta de torca ao Pensamento Xi

O ano político chinés conta cun calendario regular que estrutura e ordena a vida política do xigante asiático. Máis alá da caricatura, o PCCh traballa semana a semana proxectando o éxito e a excelencia destes eventos, para canalizar a gobernanza do país. A estabilidade sempre é a palabra de orde.

Ao longo do 2022 ao tempo que o calendario sinalaba as datas regulares para a con-

certación da política chinesa, acontecementos imprevistos, como a Visita de Nancy Pelosi a Taiwán (2 de agosto do 2022) ou as protestas e a final da política da Covid o (7 de decembro) sacudiron a actualidade chinesa, amosando tanto firmeza como flexibilidade para manter o liderado da China do mundo multipolar.

Se entre o 4 e o 11 de marzo as Reunións parlamentarias (*Lianghui*) celebradas cada ano entre os organismos políticos máis importantes de China, a Asamblea Popular Nacional (APN) e a Conferencia Consultiva Política, trataron diversas cuestións lexislativas relevantes que impulsaron o ano político chinés, o XXX Congreso do PCCh (que se realiza cada 5 anos) celebrado entre o 16 e o 22 Outubro de 2022, acabou por dar unha volta de torca ao liderado e ao Pensamento Xi, así como un último funeral ao denguismo, entre o *affaire* da expulsión de Hu Jintao e a morte de Jiang Zemin.

O XX Congreso foi destacado por moitos analistas, como un dos o máis significativos en relación á ideoloxía do partido desde o ano 2017, que incluía na constitución do país o Pensamento Xi. Entre os aspectos clave do XX Congreso identifícanse, tanto a crítica de Xi ao denguismo e a loita sen cuartel contra a corrupción (coroadada coa imaxe do incidente co ex-presidente Hu Jintao) así como o subliñado da importancia do “*socialismo da nova era con características chinesas*” como unha liña desde onde reaxustar as filas do partido e faccións do mesmo. O perfil da nova dirección saínte do PCCh exclúe calquera coqueteo co liberalismo, apelando á súa identidade e misión fundacional.

Así as cousas o 2022 oscilou entre a man de ferro e a luva de seda do Presidente Xi. Se ben foi capaz de advertir da forma máis severa

aos EEUU sobre as consecuencias da ruptura do consenso dunha soa China coa visita de Nancy Pelosi a Taiwán, ou disciplinar aínda máis as súa lealdades ao interior do PCCh, foi tamén capaz de combinar ao longo do 2022 a defensa da soberanía territorial da Ucraína coa alianza coa Rusia. De maneira máis excepcional, o goberno chino acabou por aceptar as demandas das protestas desatadas pola política de Covid-o trala morte de 10 persoas o 27 de novembro nun incendio dun edificio confinado en Urumqi, o que deu lugar a protestas en máis de 25 cidades chinesas que acabaron por dar fin á tal política o 7 de decembro.

A morte do Jiang Zemin (secretario xeral do Partido Comunista entre 1989 e 2002 e presidente do país entre 1993 e 2003) o 30 de novembro do 2022 e o funeral de estado o 6 de decembro son unha fotografía total do ano chinés.

2.5. Despois dos confinamentos o verán máis quente: De Glasgow a Sharm el-Sheik

A pandemia deulle ao planeta, durante o ciclo 2020-2021, experimentos concretos de decrecemento circunstancial arredor do globo, grazas aos confinamentos xerais que se foron sucedendo arredor do planeta. O autómatas de portos, aeroportos, comercio e autoestradas que mobiliza no mundo físico á globalización entrou en shock, mais amosou resistencia e resiliencia pese aos extraordinarios acontecementos, recuperando rapidamente os niveis de consumo e tráfico global.

Se no IAR 202-2022 Xosé Veiras dicía no seu artigo “*Glasgow 2021: A fenda entre as palabras e a acción climática*”: “O 2021

será lembrado pola temperatura récord de case 50 °C rexistrada en Canadá, as enchentes mortais en Europa e Asia e as secas que castigaron partes de África e América do Sur. O clima estase a tornar máis quente e extremo rapidamente...” no 2022 a tendencia ao quentamento da Terra continuou, sendo o sexto ano máis cálido rexistrado desde 1880, segundo unha análise realizada por científicos da Administración Nacional dos Océanos e a Atmósfera (NOAA) de EE.UU. En Galicia foi a axencia pública, Meteogalicia, a que confirmou que viviramos o verán máis quente desde o 1961.

No marco desta crise fundamentada en datos, a 27ª conferencia das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, celebrada do 6 ao 20 de novembro de 2022 en Sharm El Sheikh, Exipto, puxo a África ao fronte da discusión, tendo un balance desigual, como acostuma acontecer durante estas citas.

A negociación técnica, afectada tamén pola Guerra da Ucraína, rematou despois de moitos sufrimentos en novos acordos para desenvolver a Axenda de París. Desta maneira a COP27 lembrárase por acadar un acordo histórico para establecer un fondo para facer

fronte ás perdas e danos derivados do cambio climático. Dito acordo foi posible pola presión do G77 máis China, o cambio de posición da UE (antes contraria á creación deste instrumento) e a reticente aceptación de EEUU, que se viu illado na súa oposición. Pola contra, entre as renuncias, a COP 27 mantivo a duras penas, case retoricamente, as referencias ao fin da era dos combustibles fósiles (o carbón polo momento) o que supón un paso atrás en termos políticos

No 2022 cómpre atender tamén á polarización que xera a crise climática arredor do globo. Así, durante o ano pasado continuou a tendencia ao crecemento con forza dos negacionistas do cambio climático, que sendo un grupo difuso, aparece como un movemento universal con Donald Trump de líder honorario e con potencialidade de incidir na axenda. Ao tempo, a institucionalización total da Axenda 2030 e a propia transición ecolóxica das industrias contaminantes, ten elevado o desencanto do movemento ecoloxista con estes procesos, do que da conta por exemplo a posición de Greta Thunberg durante a COP 27, que non asistiu á cimeira acusándoa de *greenwashing*.

3.

As Perspectivas 2023

3.1. Guerra na Ucraína: Estancamento, ameaza nuclear ou plan de paz?

O *Doomsday Clock* no seu nome orixinal, ou o Reloxo do fin do mundo, é un reloxo simbólico mantido dende 1947 pola xunta directiva do *Bulletin of the Atomic Scientists* (Boletín de Científicos Atómicos) da Universidade de Chicago nos Estados Unidos. No reloxo simbólico a medianoite representa a destrución total e catastrófica da Humanidade. A evolución do reloxo no último quinquenio é a máis abrupta da súa historia. En 2018 as agullas situáronse ás 23.58, a dous minutos da apocalipse, o máis preto que o reloxo se achegou á medianoite nos seus 73 anos de historia. Desde xaneiro de 2020, antes da pandemia de Covid-19, os científicos atómicos superaron esa barreira colocando as agullas do reloxo a só 100 segundos. O 24 de xaneiro deste 2023 decidiron deixalo a 90 segundos da apocalipse polas consecuencias da Guerra en Ucraína.

Tralo estancamento da Guerra na fronte de batalla despois de 15 meses da invasión rusa os escenarios para o futuro a curto, medio e longo prazo destacan pola súa incerteza. Os dous contendentes séntense con forza para aguantar e gañar sen renunciar a ningunha das súas posicións, motivo polo que ningún dos dous está disposto a negociar. Neste contexto de estancamento, o 21 de febreiro do

2023, coincidindo co aniversario da invasión Putin suspendeu o Acordo START III (Strategic Arms Reduction Treaty) “*Rusia non abandona, senón que só suspende (...) Ningúen debería albergar a perigosa ilusión de que a paridade estratéxica global pode ser destruída*”. Tan só dous días despois China deu a coñecer os seus “12 puntos” para lograr unha solución política á guerra de Ucraína.

Non se trata dun plan de paz en sentido estrito, senón duns principios e metodoloxía posible para chegar a el. É un marco mínimo de referencia para gañar cómplices na construción da paz e sentar as partes arredor da mesa de negociación. A luva lanzada pola China recolleuna con entusiasmo Lula na súa visita a China do pasado 13 de abril, ou o propio Macron uns días antes, cando lle inferiu a Xi “*Sei que podo contar contigo para devolver a Rusia á razón*”. Pola contra, o Plan recibíuse con gran desconfianza pola Ucraína, os USA e os seus aliados máis fieis, que dubidan se o plan busca unha solución real á guerra ou é unha estratexia para amosar a occidente como un bloque belixerante que rexeita a paz.

Trala visita de Xi a Putin un mes despois do anuncio dos 12 puntos (25 de marzo) e a chamada de Xi a Zelenski un mes despois (26 de abril) a incerteza sobre o futuro da invasión pende da contraofensiva anunciada pola Ucraína para a primavera. Todos os escenarios están abertos e poder ser o inverno o animador dunha paz que dificilmente será sólida de chegar. Sobrevoando neste escenario de riscos globais estará sempre a posibilidade dun erro ou exceso que abra escenarios nucleares, como o acontecido co mísil ucraíno caído en Polonia o 16 de novembro do 2022 e que deixou dous mortos.

3.2. Variables na Guerra Fría do S.XXI: Eleccións no 2024

Como retrata o conxunto de edicións do IGADI Annual Report desde o 2007, hai tempo que un mundo novo está en construción e no 2023 o movemento non cesa. Contando xa con todos os elementos desa nova Guerra Fría sobre o taboleiro atopámonos con grandes similitudes e diferencias. Seguindo ao noso Alfredo Toro Hardy na súa obra “*America’s Two Cold Wars: From Hegemony to Decline?*” (Palgrave Macmillan, 2022) realízámonos unha interrogante ¿Que diferencias hai entre a Guerra Fría de onte e a de hoxe?

Para desenvolver as respostas, o libro condénsase no retrato dunha sociedade internacional que mudou significativamente, baseado en cinco marcos e transicións que están a darse agora mesmo no mundo global: Da ideoloxía á eficiencia; da hexemonía á flexibilidade das alianzas; da coherencia estratéxica ao zigzag líquido; do crecemento económico ao estancamento; e por último, da contención razoable á contención inviable.

Por detrás destes marcos e interrogantes observamos unha Guerra Fría do S.XX na que primou a batalla pola ideoloxía para reforzar as lexitimidades, internas e externas, mentres que na actualidade a batalla EEUU-China nucléase arredor da eficiencia dos sistemas, da capacidade de xerar benestar e estabilidade para as sociedades. Tamén, na sempre importante batalla polas alianzas, a Guerra Fría que rematou no 1991 caracterizouse por ser unha confrontación de bloques sólidos, organizados internacionalmente en distintas dimensións e coexistindo ao mesmo tempo nas Nacións Unidas. Pola contra, o mundo actual aínda non definiu estratexias

sólidas, primando unhas relacións fluídas, que priorizando case sempre o comercial e o económico, son capaces de coexistir con identidades múltiples. Derivada destas dúas primeiras diferencias, a terceira apunta ao tránsito da coherencia estratéxica ao zigzag na política exterior das potencias, coma expresión dese mundo fluído, líquido e tamén rexionalizado. Por último, o estancamento económico do mundo occidental desde a crise 2008-2009 ten a súa cruz na contención inviable do adversario, arredor do que representan os BRICS, como esquema de relacións fluídas que falan dun mundo novo que si ten capacidade de medrar no económico.

A mediados do ano 2023 outeamos no horizonte un 2024 no que contaremos con importantes citas electorais, que balancearán as aritméticas ambiguas que ofrece a gobernanza global actual. No mes de xaneiro haberá eleccións presidenciais en Taiwán, en maio será a cita para o Parlamento europeo e en setembro as presidenciais nos EEUU. O camiño ás urnas non estará exento de sobresaltos e de certeza que a nova Guerra Fría estará nas campañas electorais.

3.3. Os desafíos dos BRICS no Ano do Coello

Sudáfrica preside desde o 1 de xaneiro do 2023 os BRICS (acrónimo dunha asociación integrada por Brasil, Rusia, India, China e Sudáfrica) tomando o relevo de China, que exerceu esa responsabilidade en 2022. O país africano asumiu a presidencia rotatoria este domingo baixo o lema “*BRICS e África: asociación para o crecemento mutuamente*

acelerado, o desenvolvemento sostible e o multilateralismo inclusivo”.

O feito fundacional do grupo de ser economías emerxentes esvaeceuse, xa que os países BRICS viven actualmente nun momento xeopolítico total, xa que coa guerra de Ucraína, a distancia entre os países BRICS e Occidente aumentou porque nin a India nin Brasil nin Sudáfrica nin China participan nas sancións contra Moscova. Así as cousas, querendo ou sen querer os BRICS exercen agora mesmo como os portavoces do Sur global, como un contramodelo ao G7.

Recentemente Grace Naledi Mandisa Pandor, Ministra de Asuntos Exteriores de Sudáfrica afirmou *“Eu mencionei noutras ocasións o problema da dobre moral nos asuntos globais. Hai moitos outros países que estiveron implicados en guerras, invasións de territorios, asasinatos de persoas e detencións de activistas, pero ningún deles foi convocado pola CPI*”. Na mesma entrevista a Ministra afirmou contar con solicitudes de adhesión aos BRICS por parte de Arabia Saudí, Emiratos Árabes Unidos, Exipto, Alxeria, Arxentina, México e Nixeria. Os países BRICS están dispostos a falar dunha ampliación do grupo, pero os criterios de admisión deben acordarse previamente. O tema estará na axenda do próximo cumio, que se celebrará en Sudáfrica en agosto deste 2023.

Así as cousas a próxima Cimeira dos BRICS está a ser polémica en primeiro lugar pola potencial visita de Putin a Sudáfrica, xa que a presión para a detención do Presidente ruso sería máxima. Sen embargo, a Cimeira terá moita máis substancia que a viaxe dos dirixentes rusos, xa que no contexto actual, será o mellor escenario para premer a Rusia a sentarse na mesa de negociacións, así como

abrir un novo tempo na organización coa ampliación de novos socios e aspirar a representar ao 50% da poboación mundial.

Aínda máis, a desdolarización das economías dos BRICS tamén está na axenda da presidencia sudafricana. Alén dos acordos bilaterais entre os distintos membros para realizar as transaccións económicas nas súas moedas nacionais, na axenda está a posibilidade de crear unha moeda común. Este obxectivo, que non é novo, conta con tantos partidarios como adversarios e terá na posición China un factor crítico determinante.

3.4. A volta de Brasil ao espazo da lusofonía

Din na obra *“La Lusofonía impulsada por Brasil: un análisis de los procesos de regionalización en el IUDC-UCM corredor de Nacala 2010-2016”* (2018, Lucía Viceconte IUDC-UCM), que os gobernos de Lula da Silva e Dilma Rousseff autoconstruíron a Lusofonía como ferramenta de poder brando do Brasil no escenario internacional do S.XXI. A autora significa o proceso lusófono da década dos 10 como un dos resultados notables en política exterior do Goberno Lula-Dilma: *“Procuraron fortalecer non só as relacións culturais senón tamén os lazos económicos e políticos co obxectivo de promover a construción dunha Comunidade e identidade Lusofonía, onde son líderes*”.

En contraste, como o conxunto da política exterior do Goberno Bolsonaro, a súa relación co espazo xeopolítico da Lusofonía oscilou entre a descoordinación, os impulsos e a indiferenza (como dato, non visitou durante o seu mandato nin un só país africano).

Así as cousas é sinxelo comprender a ilusión coa que a Lusofonía recibiu a vitoria electoral de Lula en decembro do 2022. O máis entusiasta entre os Presidentes da Lusofonía en recibir a Lula foi o José Ramos-Horta, acabado de ser escollido presidente de Timor-Leste, que expresou no twitter “*A xustiza serviuse restaurando a vibrante democracia brasileira e corrixindo así as graves violacións do Estado de Dereito, as inxustizas e a manipulación. do poder xudicial*”. Desde Mozambique, a mensaxe do presidente Filipe Nyusi, que chama irmán a Lula, afirmou que “*ábrese unha nova viaxe de esperanza cara a unha nova era de cooperación e fortalecemento da nosa irmandade*”. Na mesma opinión, José Maria Neves, presidente de Cabo Verde, utilizou as redes sociais para mostrar o seu aprecio ao presidente brasileiro “*cómpre reforzar aínda máis as relacións de cooperación e amizade*”. Pola súa banda, João Lourenço, Presidente de Angola indicou “*precisamos rescatar os ricos recordos das relacións bilaterais que se acumularon no pasado recente*”.

A visita de Lula a Portugal, na 13ª cimeira luso-brasileira, que coincidiu co 25 de abril, non destacou por ter unha axenda lusófona forte. Sen embargo, os seguintes pasos a dar na mobilidade humana dentro do espazo da CPLP (Comunidade de Países de Lingua Portuguesa), así como o trato preferente desde o Itamaray aos países africanos de lingua portuguesa, volverán ser centro das posibilidades nun novo encantamento coa Lusofonía.

Despois de cen días do novo goberno Lula, os países de lingua portuguesa, sempre debedores dun pasado conflictivo, deberán acoutar a relación do portugués coas linguas crioulo dos países africanos, un proceso que

se está a vivir con especial intensidade en Cabo Verde nos últimos meses.

Haberá que andar atentos o 8 de agosto, cando se celebre en Sao Tomé e Príncipe (que acollerá a Presidencia por dous anos logo da Presidencia angolana) a próxima Cimeira de Xefes de Estado da CPLP baixo o título “*Juventude e Sustentabilidade*”.

3.5. A Axenda 2030: O desenvolvemento humano en guerra

O impacto do Covid-19, os efectos do cambio climático e os conflitos militares provocaron unha caída do desenvolvemento humano en 2020 por primeira ocasión desde 1990. Lonxe de resolverse, estas mesmas crises, agravadas coa invasión rusa, empeoraron.

O Informe sobre desenvolvemento humano do ano 2022 confirmou o retroceso dos indicadores aos niveis de 2016 (co que volvemos a liña de saída que marcou a Axenda 2030 no ano 2015). Entre os datos máis destacados, chama a atención á regresión de máis do 90% dos países en indicadores chave como a esperanza de vida, a educación ou a economía. Así as cousas o Informe do IDH 2022 de Nacións Unidas fala dun contexto de incerteza sen precedentes.

Máis alá do descenso abrupto e xeneralizado das condicións de vida no planeta, as crises humanitaria arredor do globo sofren ademais a multiplicación das consecuencias da tensión resultante da nova Guerra Fría e a invasión rusa. Así no 2022 e xa no 2023 estamos a ver episodios de tensión permanente, con consecuencias fatais e impredecibles, dende Palestina a Iemen, do Curdistán a

Myanmar, do Sáhara a Malí ou da República Democrática do Congo a Honduras, Siria, Nixeria, Somalia, o Sahel, Libia, República Centroafricana, Etiopía, Sudán...

Desta maneira, a guerra de Ucraína no contexto na nova Guerra Fría proxecta e proxectará as súas consecuencias arredor do globo. Os conflitos máis mediáticos e os menos sempre proxectan a súa sombra sobre a diplomacia bilateral e multilateral en todos os ámbitos de interdependencia mutua, da seguridade alimentaria á crise climática ou da cooperación científica á innovación tecnolóxica.

O mal ambiente, a polarización, as crises acumuladas na sociedade global, fan que aínda que se produza unha pausa ou detención das hostilidades na Ucraína, o mundo multipolar continúe a ter relacións imprevisibles

na ONU e en todos os ámbitos de negociación multilateral, o que minimiza as posibilidades de avance da Axenda 2030, Dereitos Humanos ou desenvolvemento humano no curto prazo.

No conxunto da fotografía que retrata este anuario xorde unha gran pregunta sobre a dirección que vai asumir a humanidade. Caerá nun mundo distópico, caracterizado polo desemprego, a exclusión, a pobreza e a incapacidade humana para satisfacer as súas propias necesidades materiais? Haberá maneira de construír unha comunidade humana consciente das súas interdependencias e necesidade vital de cooperación ampliada? A intelixencia artificial pode darnos unha solución? Lamentablemente seguimos en rumbo de colisión...

4.

Reflexións por áreas xeográficas 2022-2023

4.1. Guerra de Rusia contra Ucraína, a escalada da agresión.

Por Oleksiy Romanov

A infausta invasión de numerosas tropas rusas a Ucraína na noite do día 24 de febreiro foi un choque para todo o mundo, unha labazada para todos os que crían que no continente europeo a guerra anexionista estaba definitivamente condenada polo tribunal internacional de Nuremberg e ninguén se atrevería a cometer tales crimes capitais de novo. Con todo, non debía sorprenden a ninguén, era previsible e inevitable, porque se trataba de fases dun proceso de agravamento dunha antiga e profunda contradición, capaz de desatar unha guerra de envergadura continental, se non mundial, dado que Rusia pretende revisar a orde mundial e superar a “humillación” de Rusia como consecuencia do colapso da URSS. Moi parecido ao que pretendeu Hitler atacando a Polonia e desatando a II Guerra mundial.

Os actuais estados de Ucraína e Rusia son resultado da disolución da Unión Soviética, que, esgotada toda a súa capacidade de existencia política e económica, interpúxose no camiño dos altos cargos administrativos políticos e económicos interesados en conservar o seu poder e dos actores da economía semilegal en crecemento, aliados con círculos

criminais que necesitaban legalizar os seus capitais e establecer control sobre o poder político. Ao saír da Unión, Ucraína tiña a estrutura dunha república soviética nacional supostamente soberana, pero Rusia, aínda que só denominábase federación, era en realidade un resto dun case imperio altamente centralizado composto por elementos dispares: rexións produto de división territorial administrativa e autonomías con identidade nacional altamente erosionada polo asimilacionismo practicado deliberadamente por Moscova. Non era unha federación de verdade e para sobrevivir como potencia centralista necesitaba recuperar as antigas repúblicas nacionais, ante todo, a que foi sempre de importancia vital, Ucraína.

Mentres en Ucraína estaban no poder os presidentes Kuchma e Ianukóvich, non lle resultaba difícil a Rusia mantela na súa órbita, porque estes eran da mesma clase que os gobernantes rusos, é dicir, antigos administradores políticos e económicos e delincuentes que legalizaban o seu poder económico, e os seus intereses seguían unidos aos antigos lazos coa economía rusa, que seguían manténdose. Aínda así, Ucraína como estado necesitaba obxectivamente conseguir independencia real e con cada paso que daba neste sentido atopábase cunha reacción agresiva por parte de Rusia. Dado que Rusia non se reformaba no sentido político-nacional e seguía funcionando como un imperio que perdía as súas partes, a agresividade contra Ucraína só incrementábase e a guerra facíase inevitable.

A Putin, que se compara de boa gana co desapiadado emperador Pedro o Grande e considera ao sádico Stalin, que apagou millóns de vidas, un xestor eficaz, polo visto, non lle importa moito que o seu modo de proce-

der viseno parecido ao de Hitler. Do mesmo xeito que o fixo Adolfo o 1 de setembro de 1939, anunciou a súa invasión durante a mesma noite en que as súas tropas cruzaron a fronteira. De modo similar, dixo que o fixo porque se viu obrigado, tamén as súas palabras pretendían facer crer que foi a vítima quen provocara a agresión e, do mesmo xeito que o outro, o obxectivo de Putin tamén era salvar a paz. En moitas ocasións xa procedeu abertamente da mesma maneira para burlarse das ‘inocentes’ democracias occidentais, quen, temendo a unha escalada militar, de feito, deixan que o agresor suba o grao de violencia.

En febreiro de 2022 o agresor quitouse os tapuzos. As forzas de guerra rusas entraron en Ucraína por onde fose posible, mesmo desde o territorio de Bielarús, atacaron pola terra, desde o aire e desde o mar. O asunto tiña todos os visos dunha guerra a gran escala, aínda que o presidente Putin anunciara unha “operación militar especial”, cuxo obxectivo era soamente protexer a integridade territorial das formacións criminais denominadas “repúblicas populares” de Donetsk e Luhansk e a “desmilitarización e desnazificación” do “réxime de Kíiv”.

A comandancia rusa cría que se apoderaría facilmente do Leste e Sur de Ucraína con poboación rusófona e que Kíiv caería en poucos días, pero levou unha enorme sorpresa. O presidente ucraíno V. Zelénskii, de profesión cómico de televisión, obviamente non tiña capacidade para ser comandante en xefe. Personalmente críase en condicións de convencer a Putin a poñer fin á guerra “mirándolle aos ollos”, por tanto suspendera os programas de reforzamento da defensa do país, mandara desmantelar as obras defensivas na frontei-

ra onde podían penetrar as forzas rusas, etc. Cando se produciu a invasión, declinou inesperadamente a oferta norteamericana de ser evacuado, quedou na capital cando xa había militares rusos nos suburbios, e asumiu o papel de líder dunha nación que está decidida a loitar pola súa soberanía. Tivo lugar unha ‘milagrosa’ conversión dun político populista manipulador a un portavoz da cidadanía. Esta última incrementou o seu protagonismo considerablemente en todos os ámbitos que teñen relación coa preservación da soberanía da nación ucraína, en especial adquiriu moito peso a opinión e a voz de numerosos voluntarios na fronte e na retagarda.

Isto causou certo desconcerto no Kremlin, porque o seu plan inicial había fracasado. Con todo, no canto de recoñecer o seu erro e repregarse, recruou os seus ataques, porque o seu obxectivo non era o que declarara, senón que se trataba de conseguir a posición dunha potencia de primeira orde no mundo, e iso non o lograría cunha Ucraína como nación independente fora do seu control, integrada en Europa. Se era necesario, destruíría o país, converténdoo en terra queimada. Demostrouno logo en Mariúpol, Bucha, Bajmut e moitos outros lugares. Ucraína como tal, coa súa propia identidade nacional non importaba nada. O Kremlin estaba a combater contra o ‘Occidente colectivo’ que, supostamente, roubáralle o que baixo os tsares chamábase Rusia Menor, algo sobre o que Putin crese ter dereitos como o dono do Kremlin.

A pesar da súa enorme superioridade en persoal e armamento, os rusos non logran romper a resistencia dos ucraínos. Sofren fracasos, pero non queren ser derrotados. Tiveron que retirarse dos territorios que ocu-

paron nas provincias de Kíiv, Járkiv, Sumy, Chernihiv, abandonaron a capital provincial de Jersón, a illa das Serpes, etc. Na zona de Donetsk están practicamente na mesma liña que se formou fai oito anos. Si, avanzaron bastante en Luhansk e pecharon o corredor entre Donbás e Crimea. Para “legalizarse” como “defensores das súas terras contra o ocupante ucraíno”, declararon catro provincias ucraínas parte de Rusia, pero igual non logran ter control completo sobre elas.

Toda a campaña militar do ano 2022 pode verse como unha serie de reveses, porque non se conseguen os obxectivos anunciados, entón son reformulados e segue a escalada de violencia. Parece ser unha campaña sen obxectivos claros, pero este paradoxo disípase, cando se lle mira no contexto da idea revanchista que Putin anunciou hai 20 anos, que a desaparición da URSS foi unha humillación para Rusia, que agora debía levantarse dos xeonllos. Foi unha ameaza terrorista mal disimulada, porque tendo o potencial de armas nucleares máis grande no mundo, Putin expuña lograr un poder de decisión correspondente en asuntos globais.

Desde o ángulo de vista dunha acción terrorista, que xa escalou á envergadura dunha guerra, o cadro vese bastante claro: o terrorista é Putin coa súa mafia (que ten nas súas mans todo o Estado), os ameazados son os EUA, a OTAN, a UE, en realidade, todo o que é considerado a democracia moderna. E Ucraína é só un refén no medio deste macabro xogo. Un refén que paga con miles de vidas, de militares e civís, perdendo as súas terras e riquezas, sendo levado á súa desaparición como estado, nación, país. De modo que os occidentais non poden quedar á marxe, xa están dentro, no punto da mira. Putin invadiu

Ucraína en febreiro xustamente porque ningún cría que o ía a facer, pero a quen ameazaba era a todo o chamado mundo occidental.

Con todo, por temor ao terrorista desenfreado, os occidentais negáronse a dar a Ucraína a protección que teñen os seus aliados, anunciando que non cumpría as condicións para afiliarse á OTAN (é difícil crer que, p.e., Albania si está en mellores condicións que Ucraína). Mentres Ucraína esperou esta sentenza durante as primeiras semanas da invasión, o agresor estivo a gañar terreo, aproveitando a súa vantaxe militar, porque se estivo activamente armando e militarizando a sociedade desde o comezo do século, mentres que Ucraína comezou a traballar en serio en temas da defensa só en 2014 co comezo da invasión, pero todo foi truncado coa chegada de Zelenskii á presidencia.

Para defenderse do invasor e terminar a guerra, Ucraína necesita armamentos máis modernos, superiores aos de Rusia. Pódeos obter dos seus amigos occidentais, pero para isto hai que disipar dúbidas sobre se tal axuda pode involucrar aos doantes e ter como consecuencia unha escalada da guerra. Se se ten medo ao terrorista, el gana. Mentres se tiñan reticencias sobre se conviña dar a Ucraína armas letais, o agresor avanzaba. Isto convencía aos que dubidaban e tomábase a difícil decisión sobre a subministración. A continuación, entón, requiríase tempo para recoller e preparar o material, para formar ao persoal ucraíno. E o agresor aproveitaba así un tempo de graza.

É difícil conxecturar que curso tomaría a guerra e cando terminaría, se os amigos occidentais houberen accedido á petición ucraína de pechar o ceo. ou tomasen a decisión de entregar avións de fabricación soviética que

aínda tiñan os países do antigo bloque de Varsovia. Lamentable, a súa entrega foi abortada.

O atraso en proporcionar a axuda militar real que tanto se necesita para repeler a agresión contribuíu ao control ruso dunha quinta parte de Ucraína. Con todo, os ucraínos xa conseguiron vitorias importantísimas á marxe do campo de batalla. Demostraron a todo o mundo a súa decisión e capacidade de defenderse, gañaron o respecto do mundo civilizado como unha nación política digna, moralmente superior ao seu agresor (por certo, a asombrosa consolidación da conciencia nacional dos ucraínos é un dos ‘tiros pola culata’ máis fortes que sufriu o imperialismo ruso).

No mundo practicamente non quedan países que oficialmente apoiem a Rusia, que foi condenada como agresor en institucións europeas e Nacións Unidas. Incluso os países que prefiren mostrarse neutrais e non condenan ao agresor, abstéñense de fornecerlle materiais que poidan ser usados para mellorar os seus armamentos.

En cambio, Ucraína recibe cada vez máis apoio e axuda internacional. En decembro e febreiro o presidente ucraíno realizou viaxes ás capitais de EE.UU., do Reino Unido e a Unión Europea para conseguir máis armas imprescindibles para comezar a liberación dos territorios ocupados, que se prevé para comezar este ano. En xaneiro celebrouse a cimeira de titulares de defensa da OTAN, Ramstein 6, onde se deciden cuestións prácticas do apoio militar a Ucraína. Foi impresionante o convencemento de axudar a Ucraína que expresaron os participantes, a súa convicción de non permitir que gañe Rusia, que a única posibilidade de terminar a guerra

é a vitoria de Ucraína. Pero non se tomou a decisión sobre a entrega dos tanques alemáns Leopard 2, aínda que si chegou semanas máis tarde, o que significa que estarán en Ucraína meses despois.

Cada demora custa demasiado aos ucraínos. Desde o outono as accións militares rusas fixéronse máis graves, sen escatimar o material humano. Ao ver que os ucraínos non se renden, Rusia mostra que para impoñerse está decidida a destruír todo o país como tal, escala a violencia, desata o terror contra a poboación civil, destruindo infraestruturas vitais en todo o territorio do país, lanzando mísiles contra vivendas.

A pesar de que non alcanzar os obxectivos inmediatos das súas ameazas terroristas, Putin vai determinando cada vez o aumento da intensidade e por conseguinte provoca a maior implicación dos amigos de Ucraína. Noutras palabras, logra impoñer o seu ritmo. Neste sentido ameazou coa súa disposición para seguir coa guerra varios anos máis, o que só terá efecto mentres se atrase a axuda militar occidental a Ucraína. En definitiva, unha vitoria de Rusia non parece factible. A vitoria ten que ser de Ucraína. É cuestión de tempo.

4.2. A Guerra Rusia-Ucraína e a independencia estratéxica da India.

Por Niranjana Marjani

Unha enquisa recente realizada por Morning Consult, unha empresa global de intelixencia comercial, presentou datos interesantes sobre como as persoas indias ven a guerra entre Rusia e Ucraína. Segundo esta enquisa, unha persoa india media ten opinións favora-

bles sobre Estados Unidos e Rusia. Con todo, a maioría opinan que non Rusia, senón Estados Unidos e a OTAN son os responsables da guerra entre Rusia e Ucraína. Estas cifras calcúlanse como un 38 % de persoas que culpan a Rusia, un 26 % a Estados Unidos e un 18 % á OTAN. Entón, unha participación combinada do 26 % e o 18 % supera ao 38 % de persoas de India que culpan a Rusia.

A medida que a guerra entre Rusia e Ucraína completa un ano o 24 de febreiro, o mundo continúa polarizado. Se ben a maioría dos países do mundo están do lado de Occidente ou de Rusia, India segue a ser un dos poucos países que se abstivo de tomar partido explicitamente. A pesar da presión directa ou indirecta dos países occidentais, India resistiuse a adoptar un enfoque partidista nesta guerra.

A posición da India na guerra Rusia-Ucraína, dende absterse de votar nas Nacións Unidas ata comprar petróleo a Rusia a prezos reducidos, vese en Occidente como unha India que se pon do lado de Rusia. Con todo, é pertinente considerar o factor de autonomía estratéxica nas accións da India.

A política de autonomía estratéxica da India

A autonomía estratéxica na política exterior da India é unha continuación da súa política de non aliñación. A non aliñación formou a base da política exterior da India cando se independizou en 1947. A política de non aliñación foi impulsada polos obxectivos de protexer os intereses nacionais. Pero a política tamén estaba destinada a protexer a liberdade que recentemente gañaran. A administración política india no momento da independencia decidiu non formar parte de ningunha alianza a nivel global, que se con-

verteu na característica principal da orde global bipolar na era posterior á Segunda Guerra Mundial.

Con todo, a negativa da India a involucrase nas alianzas lideradas por Occidente e as propias inclinacións ideolóxicas socialistas do primeiro ministro indio, Jawaharlal Nehru, levaron a India a achegarse máis a Rusia. Tamén dende unha perspectiva estratéxica, a proximidade de Occidente con Paquistán significou que as relacións da India con Rusia se fortalecieron, xa que India dependía das importacións de armas de Rusia.

O concepto de autonomía estratéxica gañou prominencia na política exterior da India na era posterior á Guerra Fría. Este período permitiu á India ampliar considerablemente os seus compromisos no estranxeiro. Os compromisos da India con Occidente multiplicáronse nas últimas tres décadas dende o final da Guerra Fría. A práctica da India de autonomía estratéxica describiuse como unha mutación realista da súa política de non aliñación. A política de non aliñación era de natureza idealista e percibía a coexistencia de diferentes poderes. A autonomía estratéxica actual implica que India se aliña con Rusia e Occidente para protexer os seus propios intereses estratéxicos e económicos. O equilibrio entre Rusia e Occidente permite á India facer fronte aos desafíos que presentan os seus dous adversarios, China e Paquistán, na veciñanza.

Como se compara con Occidente?

Se ben os países occidentais criticaron a posición da India na guerra entre Rusia e Ucraína, é importante considerar as accións de Occidente. Tras a invasión de Ucraína por parte de Rusia, os países occidentais puxéronse inequivocamente do lado de Ucraína e

contra Rusia en tres frentes: individualmente (a través da imposición de sancións), a través da axuda militar a Ucraína e opoñéndose a Rusia nas Nacións Unidas.

A pesar de apoiar a Ucraína, os países europeos continuaron comprando petróleo a Rusia durante uns 10 meses despois de que comezase a guerra. Foi só en decembro de 2022 que os países europeos impuxeron o embargo sobre o cru ruso, mentres que o embargo sobre os produtos derivados do petróleo entrou en vixencia a partir do 5 de febreiro.

Despois de 11 meses de apoio a Ucraína, recentemente xurdiron diferenzas entre Estados Unidos e os seus aliados europeos. O enfrontamento entre Estados Unidos e Alemaña polo envío de tanques a Ucraína aínda non rematou. A Unión Europea tamén continúa fortalecendo os lazos comerciais con China, que está a apoiar a Rusia contra Occidente. Ademais, os elementos de terras raras que os países europeos importan de China se transportan a través de liñas ferroviarias que atravesan Rusia. Estados Unidos na súa Estratexia de Seguridade Nacional mencionou a China como competidor mentres que a Rusia como unha ameaza.

Estes exemplos destacan que cada país formula políticas para protexer os seus propios intereses nacionais. A localización xeográfica, as prioridades estratéxicas e económicas e a situación interna dan forma á resposta dun país ante calquera evento internacional.

Para abordar estes diversos enfoques, India propuxo unha orde multipolar que acomode os intereses de todas as potencias pero que tamén actúe como un baluarte contra os países que actúan de maneira hexemónica.

Este arranxo podería axudar a manter o equilibrio na orde global ata certo punto.

Se ben a guerra entre Rusia e Ucraína non é a guerra de India, India non é desconsiderada coas consecuencias globais desta guerra. Explica a posición da India para protexer os intereses nacionais por un lado e pedir a fin da guerra e resolver o conflito a través do diálogo e a diplomacia.

4.3. A onda progresista xera un cambio de aires para a integración latinoamericana.

Por Andrea Mila

Unha das interrogantes formuladas no Annual Report 2021-2022 foi a seguinte: “Nova onda progresista nas Américas?” O panorama latinoamericano actual parece dar resposta a esa pregunta de forma afirmativa. É así que, o ano 2022 trouxo consigo o triunfo electoral na segunda volta de Gustavo Petro, converténdoo no primeiro presidente de esquerdas na historia de Colombia, e de Luis Inácio Lula Da Silva, quen tivo que facer fronte a varios intentos de deslexitimación da súa autoridade e unha elevada polarización sociopolítica. Ambos eventos electorais reconfiguraron a correlación de forzas políticas e sociais da rexión; así, o péndulo bascula cara a esquerda e se alíña cos triunfos electorais previos de líderes como Luis Arce, Xiomara Castro ou Gabriel Bóric.

En Centro América, Costa Rica celebrou eleccións en xaneiro de 2022 das que resultou electo na segunda volta o “outsider” Rodrigo Chaves, do partido Progreso Social Democrático, denotando un declive do bipartidismo imperante. Mentres que, a presidencia de

Nayib Bukele no Salvador se situou no “ollo do furacán” por como xestionou a relación cos maras. Aínda que é certo que o goberno logrou desarticular a boa parte das cuadrillas responsables dos altos índices de violencia do país, existen fortes cuestionamentos á violación dos dereitos fundamentais das persoas privadas de liberdade. Algo similar ocorreu en Ecuador neste mesmo ano co afondamento da crise carceraria iniciada en 2021, e que unida ao último amotinamento de 2022, deixou como saldo máis de 400 privados de liberdade falecidos e unha recrudescencia da violencia en todo o país andino.

Un dos eventos máis importantes no Cono sur americano do último trimestre de 2022 foi a celebración dun plebiscito para aprobar unha nova Constitución en Chile o cal obtivo un 62 % de rexeitamento por parte dos chilenos, despois da ampla maioría do 80 % que en 2020 se mostrou a favor de que se redactase unha nova carta magna. Isto non implica a fin do proceso constituínte chileno, de feito, abre unha nova etapa para a política doméstica dese país e presenta un desafío para o goberno de Gabriel Boric. Para 2023 debería ser capaz de contar co respaldo da cidadanía e do resto de forzas políticas do Congreso e partidos que apoiaron e impulsaron o rexeitamento, e lograr así a aprobación dun novo texto constitucional que poña fin ao redactado en 1980 durante a ditadura pinochetista.

Un segundo suceso importante produciuse case ao peche de 2022 coa destitución e detención por rebelión do presidente de Perú, Pedro Castillo, despois de que disolvese o Congreso. Ademais, tras unha votación, o Congreso determinou “incapacidade moral” do primeiro mandatario e decretaron que a

vicepresidenta Dina Boluarte se proclamase presidenta e concluíse o mandato. Este acontecemento xerou unha vaga de manifestacións en todo Perú para reclamar o retorno de Pedro Castillo ao poder, que foi duramente reprimida polas forzas do Estado por orde do goberno encabezado por Boluarte.

É ben sabido que os inicios do século XXI para América Latina se caracterizaron por un forte impulso á integración rexional, coa implantación de mecanismos de integración novos que denotaban unha vontade política dos actores máis importantes da rexión. O retorno de Lula Da Silva e a presenza de Gustavo Petro en espazos multilaterais globais, con discursos orientados a fomentar a cooperación Sur-Sur, pon de relevo un reposicionamento de América Latina na axenda Global e do cambio climático como parte dos temas da axenda política rexional. Especialmente, sopran novos ventos para a Comunidade de Estados Latinoamericanos e Caribeños (CELAC), que celebrou a súa VII Cume en Bos Aires en xaneiro de 2023, e a Unión de Nacións Suramericanas (UNASUR) que en novembro de 2022 recibiu o respaldo de sete ex presidentes, ex Ministros de Relacións Exteriores, parlamentarios, congresistas e un grupo de intelectuais de América do Sur, que por medio dunha carta instaron aos actuais presidentes da rexión a que “Unasur aínda existe e é a mellor plataforma para reconstituír un espazo de integración en América do Sur”.

No terreo económico e segundo datos da CEPAL, América Latina e o Caribe iniciaron o primeiro semestre de 2022 cunha taxa de crecemento superior á esperada; non obstante, para o segundo semestre rexistraron unha desaceleración da súa actividade eco-

nómica e unha elevada presión inflacionista que segundo previsións deste organismo e do Fondo Monetario Internacional, manterase para o 2023. Aínda así, a rexión pecha cun crecemento do 3,1 % e, segundo estimacións, as economías avanzadas da rexión crecerán un 0,6 fronte ás emerxentes e en desenvolvemento, que se situarán nun 3,7 %. Por outro lado, os altos prezos do petróleo contribuíron a que países como Venezuela experimentasen un crecemento do 6 % (segundo datos do FMI e logo dun crecemento negativo sostido no período 2014-2021), e que países como México e Brasil tamén resultasen beneficiados. A pesar do potencial enerxético, humano, social e económico da rexión, as fendas estruturais mantéñense e os niveis de pobreza e desigualdade seguen patentes.

Para 2023 espéranse procesos electorais importantes na rexión, iniciando en febreiro con Ecuador e a celebración das eleccións seccionais, conselleiros do Consello de Participación Cidadá e Control Social (CPCSS), e un referendo promovido polo goberno do presidente Guillermo Lasso para a aprobación de oito preguntas orientadas a emendar a Constitución de 2008, o cal servirá para medir a aprobación da súa xestión. A axenda continúa coas eleccións presidenciais en Paraguai en abril, Guatemala en xuño e Arxentina en outubro. Mantemos así a interrogante xa presentada no Reporte Anual de 2021-2022, só que en termos de continuidade: seguirá a onda progresista en América Latina ou o péndulo basculará de novo cara a dereita?

4.4. Um ano decisivo para as nações lusófonas.

Por Wesley ST Guerra

O ano de 2022 ficou marcado pelos procesos eleitorais nos países da lusofonia, ora representando uma mudança no alinhamento político e ideológico, ora mantendo ideais muitas vezes questionados e até mesmo confrontados por grande parte da população.

A polarização política característica do cenário internacional nessa segunda década, esteve presente em praticamente todos os processos de votação, al final a democracia ainda é um sistema novo e em processo de consolidação na maioria de países que falam o português.

Certo é que a democracia como conceito seja bastante antigo, quando analisada historicamente, desde Péricles aos dias atuais, porém muita coisa mudou. Havendo uma série de questões e controvérsias que foram evoluindo conforme o pacto social estabelecido e as transformações da sociedade e das relações de poder e nos últimos anos a crescente pressão internacional e os impactos da tecnologia e das redes sociais.

Nunca antes a frase de Winston Churchill (ou ao menos a ele se lhe atribui tal citação) que: “A democracia é o pior dos regimes políticos, mas não há nenhum sistema melhor do que ela”

Esteve tão plasmada na realidade dos países, onde o conservadorismo com nuances de autoritarismo tentava pleitear com a própria representação social, colocando muitas vezes em dúvidas a própria capacidade do sistema democrático de permitir uma maior participação e representação, apesar das suas diferentes formatações tais como o presiden-

cialismo ou o parlamentarismo, sistema bicameral e unicameral, multipartidarismo e bipartidarismo etc.

Porém a polarização não está presente somente nos países periféricos, nem mesmo as democracias mais desenvolvidas conseguiram resolver alguns paradoxos derivados da própria realidade social e da representação cidadã.

Temas cada vez mais complexos tais como a não participação de estrangeiros (na maioria de países) do sistema eleitoral, mesmo quando legalizados, continuam sendo marginalizados desses processos, ainda quando muitas vezes formam parte das discussões políticas, tais e como aconteceu em Portugal e no Brasil, ainda que somente podem participar após serem naturalizados, o que constitui um paradoxo social e um empecilho para sua real integração, já que por um lado temos um cidadão que participa da economia de um lugar, paga impostos e demanda serviços públicos, mas por outro lado temos sua total incapacidade de influenciar sua realidade ou de lhe garantir a representação de seus interesses, gerando um paradoxo político que somados as pressões da comunidade internacional e ao incremento dos fluxos migratórios, geram cidadãos que são usados como moeda de troca porém sem participação alguma nos sistemas representativos nem na tomada de decisão.

O próprio sistema democrático foi colado a prova mais de uma vez, pois a definição do que seria uma verdadeira democracia frente a outras emuladas continua sendo bastante tênue havendo um critério duplo que muitas vezes é definido por tudo, exceto pela vontade popular ou pela consolidação de um pacto social.

O próprio tratamento que recebem os líderes europeus por exemplo, que podem se manter durante anos na frente de seu país sem menor problemas ou questionamentos por parte da comunidade internacional, não é aplicado quando se tratam de líderes latinos ou africanos, que são questionados constantemente quando buscam uma reeleição.

Também não existe uma definição clara de como deve funcionar o processo e como este deve se adaptar a realidade de cada nação, sua cultura ou religião (quando esta forma parte do Estado), uma vez que a universalidade da representação democrática é mais um ideal do que uma realidade.

Na lusofonia as eleições livres e a própria democracia são um processo bastante recente e constantemente colocados a prova, certo é que houve tentativas anteriores tais como a I República de Portugal ou a República Velha no Brasil, sem embargo somente após o fim da ditadura e dos conflitos civis foi quando de fato o regime democrático se instaurou na luso-esfera e pouco a pouco vem se consolidando.

O ano de 2022

O ano de 2022 representa um marco importante dentro do processo de consolidação e transição democrática nos países de língua portuguesa, já seja pela polarização crescente que se refletiram nas diferentes campanhas eleitorais, já seja o fato de que são as primeiras eleições pós pandemia em um contexto de quebra de paradigma internacional, com o crescente atrito entre as principais potências, o auge da globalização e seus questionamentos, a geração de uma sociedade global com elevado acesso a informações, porém altamente polarizada e carente do diálogo e da semântica política, cuja tela de fundo é o

conflito da Ucrânia e os alinhamentos derivados do mesmo.

Portugal: O ano começou com as eleições parlamentárias de Portugal onde a esquerda conseguiu se manter no poder ainda com a crescente pressão de setores conservadores e de extrema direita que sem dúvidas refletem um incremento das tensões sociais, que podem eclodir no país lusitano. O incremento dos fluxos migratórios dos últimos 5 anos, fizeram parte do discurso político em Portugal, assim como a insatisfação gerada pelo incremento dos preços, inflação está agravada pela Guerra da Ucrânia.

Timor Leste: Em março, Timor Leste, uma das democracias mais jovens do planeta, teve seu primeiro turno para uma disputada eleição presidencial a qual somente seria definida no segundo turno realizado em abril onde o prêmio Nobel da Paz, José Ramos Horta se consolidou como líder. O país tem aumentado suas relações com a lusofonia e faz o uso do português como língua franca a modo de construir e reforçar sua identidade nacional.

Angola: Em agosto, foi a vez da Angola, onde a polarização social ficou claramente visível além da desigualdade entre as diferentes camadas sociais e das diferentes dimensões que compõe a realidade do país africano, cuja liderança permanece imutável desde sua independência de Portugal. A disputa foi marcada pela presença de observadores internacionais e o resultado foi amplamente questionado, gerando tensões locais que devem permanecer neste ano de 2023.

Santo Tomé e Príncipe: que foi as urnas em setembro para formar um novo parlamento, registrou a vitória do partido de oposição Ação Democrática Independente, o que deve

produzir mudanças políticas e estruturais no país que busca uma reforma institucional capaz de inserir o mesmo no cenário internacional e na realidade global.

Brasil: Com uma das eleições mais disputadas de sua história e que roubou o protagonismo dos demais países lusófonos assim como outras nações do hemisfério sul. O enfrentamento do ex-presidente Lula e do ex-presidente Jair Bolsonaro, foi decidido no segundo turno, com uma diferença de pouco mais de 2 milhões de votos, Lula ganhou a presidência, ainda que seu adversário formou maioria na câmara e no senado.

Lula se transformou no único presidente da história do Brasil a vencer por terceira vez uma eleição democrática.

Em seu discurso de posse, Lula revogou o acesso as armas de fogo, aprovado por Bolsonaro, criou ministérios e fez uma avaliação de toda a gestão de seu antecessor, deixando clara a situação na qual recebe o país.

Lula é considerado pelas instituições financeiras o presidente com melhores resultados econômicos da história do Brasil, seguindo o modelo desenvolvimentista a diferença de seu rival que defendia o alinhamento econômico com os Estados Unidos.

Guiné Equatorial e Guiné Bissau concluem a lista, ambas com eleições para o parlamento, sem embargo a situação de Guiné Bissau sem dúvidas é a que mais teve repercussão internacional, pela crescente crise interna e a instabilidade política e democrática do país. No caso de Guiné Equatorial o país já integrou missões de observação eleitoral em Timor Leste e sua aproximação a CPLP (Comissão de Países de Língua Portuguesa) deve promover o mesmo em relação ao Brasil, já internamente o país continua sendo

uma grande incógnita, sendo talvez a falta de transparência um sintoma de uma necessidade de mudança.

2023 se projeta como um ano de mudanças estratégicas e uma reaproximação dos países de língua portuguesa que formam a CPLP assim como o BRICS conforme já indicado pela presidência do Brasil.

O Sul global parece aos poucos retomar sua normalidade, focados a uma maior integração e colaboração, o que sem dúvidas pode inclinar a balança de poder e até mesmo repercutir nos resultados econômicos mundiais.

Bibliografía

- TSE Brasil - <https://www.tse.jus.br/comunicacao/noticias/2022/Abril/comunidade-dos-paises-de-lingua-portuguesa-atuara-como-observadora-nas-eleicoes-2022>
- Comissão Nacional de Eleições de Portugal <https://www.cne.pt/>
- Embaixada da Guiné Equatorial em Portugal https://www.embarege.com/871805_guine-equatorial-integracao-de-observacao-as-eleicoes-presidenciais-de-timor-leste
- “Timor Leste elege Nobel da Paz como novo presidente”. Folha de São Paulo. 20 de abril de 2020. Consultado em 20 de abril de 2020
- CNE Angola <https://resultados2022-eleicoesgerais.cne.ao/resultados>

4.5. Os retos do Xapón para o 2023.

Por Masashi Oki

Reflexionando sobre o pasado, Xapón acadou estabilidade durante o goberno de Shinzo Abe, especialmente desde o seu segundo gabinete no 2012. A súa repentina dimisión como primeiro ministro en 2020 e o seu asasinato en 2022 marcaron un fito na historia de Xapón. Cara a onde se dirixe o Xapón na era posterior a Shinzo Abe?

Tres políticas importantes do goberno de Kishida

O Goberno do actual primeiro ministro Fumio Kishida elaborou un borrador do orzamento nacional de 2023 (abril 2023-marzo 2024) que contará cunha contía de 114 billóns de iens, será o maior da historia (aprox. 0,8 billóns de euros). O proxecto orzamentario xa foi aprobado no consello de ministros a finais do ano pasado e agora está a ser discutido na Dieta (Asemblea Lexislativa do Xapón). Hai tres políticas importantes; o aumento do gasto en defensa, o reforzo das políticas para a infancia e a transformación verde (GX, Green Transformation).

Xapón planea aumentar o gasto en defensa entre os anos 2023 e 2027, o que sumará 43 billóns de iens (aproximadamente 0,3 billóns de euros). Xapón freara o gasto en defensa a partir de 1976 e non superou ao longo deste tempo o 1% do PIB. De levarse a cabo este aumento do gasto en defensa, alcanzaría o 2% do PIB e Xapón será o terceiro país que máis gasto en defensa inviste do mundo, despois de EEUU e China. Durante o goberno de Shinzo Abe, impulsouse a política cara á remilitarización de Xapón, e agora o goberno de Kishida segue as súas ideas.

Xapón é unha sociedade de baixa natalidade. A taxa de fecundidade total de Xapón en 2022 será de 1,27 e o número de persoas vai diminuíndo cada ano desde 2011. Mentres que a poboación de entre 15 e 64 anos está a diminuír, a poboación de 65 anos ou máis está a aumentar. Hai varias razóns para este fenómeno, pero os valores que cambian rapidamente entre a poboación moza inflúen nesta tendencia, é dicir, o número de persoas xaponesas que non queren casar está a aumentar.

A taxa de solteiros vitalicios era inferior ao 5% en 1990, pero agora chega ao 28,3% (homes) e ao 17,8% (mulleres). Xeralmente dan a luz fillos despois do matrimonio en Xapón, polo que a baixa taxa de nupcialidade significa unha baixa taxa de natalidade. En abril de 2023 establecerase unha Axencia para a Infancia e a Familia, que reforzará a política de parto. Incrementarase a contía do subsidio por parto, e tamén prestaranse novos apoios á familia cando a muller estea embarazada e dea a luz.

En canto á transformación verde (GX) o goberno de Xapón ten previsto investir en GX máis de 150 billóns de iens (aproximadamente 1 billón de euros) con iniciativa pública e privada nos próximos 10 anos. Para acadar

este obxectivo, o goberno emitirá un novo tipo de bonos do Tesouro do Estado.

Perspectivas en 2023

Existe un consenso importante en destinar o orzamento nacional a sectores prioritarios para construír unha sociedade sostible. Ao tempo, arredor de Xapón hai tensións na política internacional. Mais tamén, dentro de Xapón hai moitos problemas que resolver, nunha sociedade cada vez máis envellecida e con menos fillos.

Non obstante, para realizar estas políticas, necesitanse recursos financeiros. E como as finanzas públicas de Xapón continúan nunha situación moi grave, existe a posibilidade de que se incrementen os impostos. A maioría dos xaponeses non están de acordo con esta política.

Segundo as enquisas de opinión, o índice de popularidade do goberno de Kishida é inferior ao 30%, o que supón un nivel perigoso para manter o goberno. Polo de agora, ao non ter eleccións nacionais este ano, non está previsto ningún cambio político. Sen embargo, Kishida terá que explicar como facer cos ingresos para levar a cabo as súas políticas e recuperar a súa popularidade antes da renovación do seu mandato como líder do Partido Liberal Democrático (LDP) en 2024.

5.

Reflexións transversais 2022-2023

5.1. O enterro da globalización?

Por Alfredo Toro Hardy

A globalización económica, tal como a coñecemos, é produto da imposición da ideoloxía neoliberal polo mundo, que sucedeu ao colapso soviético. O proceso globalizador cobrou forma a mediados dos anos noventa e identificase co firme apoio que lle foi brindado por líderes como Bill Clinton e Tony Blair; en concreto o primeiro, que rexía a maior economía do mundo. As súas expresións máis emblemáticas serían a creación da Organización Mundial de Comercio (OMC) no 1995, o ingreso de China nela no 2001 e o Consenso de Washington. Este resultou da converxencia de posicións entre o Departamento do Tesouro estadounidense e os organismos financeiros internacionais con sede nesa capital. A OMC implicaba a homoxeneización global das regras do xogo en materias tan diversas como a manufactura, a agricultura, os servizos, os estándares laborais ou a propiedade intelectual, así como o abandono das políticas industriais e o proteccionismo por parte dos seus membros.

Pola outra banda, o ingreso de China entrañaba a inserción de máis de mil millóns de seres humanos no mercado laboral global,

coa presenza dunha man de obra cotizada a unha fracción do custo nos países desenvolvidos. Ademais, mediante esta incorporación, convivían cun sistema político antiético á democracia liberal, que prevalecía en occidente. Isto sería aceptado e mesmo promovido polos Estados Unidos baixo o convencemento de que unha China aberta ao mundo acabaría por abrirse tamén aos valores da democracia liberal. O Consenso de Washington traducírase nun recetario chamado a poñer en marcha a liberalización e a apertura económicas dos antigos países comunistas e de aqueles que estaban en vías de desenvolvemento.

A importancia da ideoloxía neoliberal como factor determinante do proceso anterior resultaría chave. De feito, os Estados Unidos caracterizáronse durante un longo tempo polas súas políticas industriais, polo proteccionismo e pola integración vertical das súas corporacións. Estas políticas fixeron que o goberno federal se convertese nun catalizador do desenvolvemento económico, ben fose a través dos seus investimentos e esforzos directos en investigación e desenvolvemento, como por vía dos seus estímulo ao sector privado para orientalo nunha dirección determinada. Un bo exemplo disto son os innumerables produtos ou servizos que se incorporaron ao acervo tecnolóxico estadounidense, que foron resultado dos esforzos de investigación e desenvolvemento da NASA.

O proteccionismo cobrou forma debido ás barreiras arancelarias para protexer a súa produción doméstica. A integración vertical das corporacións expresouse por vía do control das súas empresas sobre as súas canles de produción e distribución. É dicir, pola xestión directa das diversas fases que están involucradas na manufactura e venda dos

seus produtos. Amais, hai que agregar que, de acordo coa autora Rana Foroohar, o propio presidente Reagan, malia a súa cruzada desreguladora, non só apoiou as políticas industriais do seus país, senón que impuxo barreiras protectoras fronte á competencia xaponesa (Homecoming, New York: Crown, 2022).

A globalización posta en dúbida

Durante anos, a globalización constituíu un paradigma incontestado. Ao seu abeiro, China acadou a antesala da supremacía económica mundial, polo que numerosas economías de man de obra barata (particularmente en Asia) emerxeron con forza. Daquela, as grandes corporacións, mentres se apoiaban nas revolucións da informática, as comunicacións e o transporte, externalizaron e disgregaron polo mundo os seus procesos produtivos. Dende hai algún tempo, con todo, a globalización e o seu baseamento neoliberal atópanse nunha seria interrogante. Entre as razóns inclúense o feito de que o populismo estea a emerxer nos Estados Unidos e en Europa, ademais das distorsións que o cambio climático xerou ao comercio a grandes distancias, e o impacto que este ten sobre el, así como o nacionalismo económico e xeopolítico chinés.

O populismo é, en gran medida, produto das inmensas sacudidas sociais producidas pola externalización masiva de empregos ás economías de man de obra máis económica. No ano 2000, Clinton predixo que a globalización permitiría exportar produtos sen exportar empregos. O que ocorreu foi exactamente o contrario. Isto afectou seriamente o tecido social dos Estados Unidos e dos seus conxéneres occidentais, ao mesmo tempo que creaba as condicións para o desgaste dos

seus sistemas democráticos.

O cambio climático, cos seus furacáns, asolagamentos e demais incidencias, supuxo un crecente risco para as cadeas globais de subministración. Segundo un informe de McKinsey&Company, os fenómenos climáticos poden xerar perdas nos ingresos anuais para as compañías de ata un 35 por cento (“Could climate become the weak link in your supply chain?”, August 6, 2020). Á inversa, segundo o economista Clyde Prestowitz, a mobilización masiva de grandes buques cisterna polo mundo causa un 14 por cento do total dos gases de efecto invernadoiro que afectan o planeta (“Is the US Moving Out from Free Trade?: Industrial Policy Comes Full Circle”, Clyde’s Newsletter. December 12, 2022). Ademais, a diferenza do que Clinton e outros propulsores estadounidenses da globalización manifestaban, lonxe de achegarse cada vez máis aos modelos e valores occidentais, China volveuse crecentemente nacionalista e autoritaria. Aínda que isto inclúe un nacionalismo económico en ascenso, tamén aparella unhas ambicións crecentes na área xeopolítica e unha poderosa rivalidade cos Estados Unidos.

Os detonantes

Mentres que ía collendo forza o feito de que a globalización se atopaba nunha situación pouco consistente, aínda faltaban os elementos desencadeantes que terminasen por inclinar a balanza na súa contra de xeito claro. A Covid-19 e a invasión a Ucraína encargáronse de facelo. Vinte billóns (millón de millóns) de dólares anuais en mercadorías dependen das cadeas de subministración chamadas a moveren dun lugar a outro millóns de compoñentes, partes e produtos finais, tal como sinala McKinsey&Company no informe

previamente citado. Este vertiginoso espallamento dos procesos produtivos entrou nun inesperado e repentino cortocircuíto ante a maiúscula disrupción por causa da Covid-19, e apertoulle as caravillas ao sistema de independencia económica do planeta.

Dende supercondutores, ordenadores, teléfonos móbiles ou automóbiles, ata medicinas necesarias para salvar vidas... infinidade de mercadorías deixaron de chegar ao seu destino final ou demoraron moito a súa chegada. Incluso mercadorías tan elementais como as máscaras ou o papel de baño escasearon en todas partes, xa que dependían de fábricas localizadas en China. Todo o anterior viuse agravado como resultado da interminable política da Covid cero que se implementou en China, punto xeográfico neuráxico do comercio global. O resultado daquilo foi disparar unha inflación que lembra a dos anos setenta e que, na busca por controlala, pode desatarse unha recesión global.

Pouco despois, a todo isto uniuse o impacto da invasión a Ucraína. Esta non só desarticulou cadeas vitais de subministración enerxéticas e alimentarias, senón que, moito máis significativo aínda, trouxo de regreso a xeopolítica pola porta grande. Como se a guerra fría emerxente entre China e os Estados Unidos non fose xa suficiente, esta invasión fracturaba a arquitectura de paz europea e internacional e retrotraía ao mundo os tempos do terror nuclear.

En diante a seguridade, e non a economía, o compoñente central da orde internacional pasa a constituírse. Incluso o líder dunha nación tan identificada coa globalización económica e renitente en materia militar, como vén sendo Olaf Scholz, primeiro ministro de Alemaña, escribía hai pouco en

Foreign Affairs que de agora en diante a prioridade debía ser o feito de investir en gastos militares e fortalecer a industria de defensa europea, para dar paso a unha nova cultura estratéxica e a un plan de seguridade nacional (“The Global Zeitenwende”, January/February, 2023). Tendo en conta realidades como as anteriores, que se coloque a propia seguridade económica en manos alleas, ou incluso hostís, deixa de ser unha opción racional.

De volta ao pasado

Non a baluto, os Estados Unidos remóntanse ao tipo de políticas e prácticas que antecederon a globalización. É dicir, a políticas industriais, o proteccionismo e a integración vertical das súas corporacións. A revolución enerxética que foi proposta por Biden e aprobada polo Congreso o pasado agosto a través dunha lexislación de 490 mil millóns de dólares, representa a mellor expresión dunha política industrial. Esta garante a forte intervención do Estado na economía, buscando orientar o investimento privado cara á xeración de fontes de enerxía limpa. Pero, á súa vez, tal lexislación permite de xeito colateral que o goberno interveña nos prezos das medicinas mediante a negociación directa coa industria farmacéutica. Na mesma dirección apuntan as leis para estimular a competitividade e a innovación, a dos supercondutores e a do investimento en infraestruturas. De xeito paralelo, políticas como o “compre estadounidense”, os subsidios á industria doméstica e o mantemento das tarifas iniciadas por Trump, representan un claro impulso proteccionista a favor da súa industria. Á vez, as corporacións estadounidenses, en sintonía coas políticas públicas do seu país e en reacción aos riscos da produción a escala global,

optan de novo pola integración vertical. Esta encerra, pola súa propia natureza, unha produción centrada no local e no rexional.

O retorno a casa

Todo o anterior converxe en propiciar o regreso a casa (ou preto da casa) das industrias e das súas cadeas de subministración. De acordo coa última enquisa anual de Thomasnet, de 709 grandes empresas manufactureiras estadounidenses que foron consultadas, o 83 por cento respondeu que moí probablemente retornarían as súas operacións de produción aos Estados Unidos. De feito, múltiples corporacións punteiras estadounidenses ou estranxeiras desexan beneficiarse dos incentivos federais que se están a ofrecer, así como do acceso sen límites ao mercado estadounidense. Ao longo deste ano, moitas desas corporacións xa iniciaron ou deixaron anunciada a construción de importantes plantas manufactureiras. (P. Kirk, “Onshoring of Manufacturing Facilities to Drive Up Industrial Demand in the Midwest and Sunbelt Markets”, *Wealth Management.com*, October 1, 2022).

A lista das compañías anteriores inclúe Intel, GM, U.S. Steel, Taiwan Semiconductor Manufacturing (TSMC), Toyota, Samsung ou Micron Technology. Cun investimento de 20 mil millóns de dólares, Intel iniciou a construción da primeira de dúas plantas para semicondutores en Ohio, sendo sobrepasado no total do investimento por TSMC, que está a dedicar 40 mil millóns de dólares ao desenvolvemento dunha planta manufactureira de semicondutores en Arizona. Tamén no eido dos semicondutores, Samsung construírá unha planta en Texas valorada en 17 mil millóns de dólares; Micron Technology fará o mesmo en Idaho por unha suma de

40 mil millóns. Ao mesmo tempo, General Motors anunciou un investimento de 35 mil millóns de dólares na construción de plantas fabrís para baterías eléctricas e automóviles autónomos en Michigan. Ford, á vez, anunciou tamén a edificación de tres plantas para baterías eléctricas e camións eléctricos en Kentucky e Tennessee, valoradas en 11,4 mil millóns de dólares. Por outra banda, Toyota construírá unha planta similar en Carolina do Norte por unha contía de 1,3 mil millóns de dólares. E así sucesivamente. Morris Chang, o mítico fundador de TSMC (o maior fabricante mundial de semicondutores), expresou de xeito claro cal era a motivación tras esta acelerada muda de fábricas a territorio estadounidense ao dar comezo á construción da planta en Arizona: “A globalización e o libre comercio están case mortos e é pouco probable que regresen” (Cheng, T.F., “TSMC founder Morris Chang says globalization is ‘almost dead’”, *Nikkei*, December 7, 2022; D. Shepardson and J.L. Lee, “Intel’s Ohio Factory could become world’s largest chip plant”, *Reuters*, January 21, 2022; P. Kirk, xa citado; J. Doherty and E. Yardeni, “Onshoring: Back to the USA”, *Predicting the Markets*, February 5, 2022).

A última esperanza

Ata hai pouco, quedaba un eido da globalización que evidenciaba aínda un gran dinamismo: o ecosistema dixital. Segundo un reporte no 2016 de McKinsey Global Institute: “Semella que se achandaron e mesmo diminuíron de xeito brusco os rápidos fluxos do comercio e das finanzas internacionais que caracterizaron o século XX... Porén, a globalización non vai para atrás. En efecto, os fluxos de datos e información crecen con gran rapidez”. Con todo, hai poucos días, Brookin-

gs Institution publicou un informe moi pesimista con relación ao futuro deste sector: “Historicamente, a chegada da web global creou unha oportunidade para que o mundo estivese interconectado como un ecosistema dixital global. No entanto, a desconfianza entre as nacións deu lugar ao xurdimento de barreiras dixitais, algo que implicará que teñan a habilidade de controlar o seu destino dixital... Como consecuencia desta tendencia, o mundo avanza cara a unha crecente soberanía dixital... Estes desenvolvementos ameazan as actuais formas de interconectividade, facendo que os mercados para a alta tecnoloxía se fragmenten e se retraian de novo, en diversos grados, nos estados nación”. Deste xeito, o último elo da globalización que evidenciaba aínda unha importante vitalidade, está a ir marcha atrás (McKinsey Global Institute, “Digital Globalization: The New Era of Global Flows”, March, 2016; Brookings, “The geopolitics of AI and the rise of digital sovereignty”, December 8, 2022).

Todo semella indicar, en conclusión, que a globalización ten os días contados.

5.2. A Nova Orde Económica Mundial.

Por Diego Sande

O 14 de decembro de 2022 a ONU publicaba na súa web o resultado da votación para a adopción da resolución “Cara unha Nova Orde Económica Internacional”: aprobada con 123 votos a favor e 50 en contra, cunha abstención (Turquía). Mediante este acordo Nacións Unidas expresaba a súa preocupación sobre a crecente vulnerabilidade das economías en desenvolvemento (moitas delas no

hemisferio sur) fronte á débeda externa, así como tamén a fraqueza fronte aos fluxos de capital negativos netos procedentes destes países, a flutuación dos tipos de cambio e o endurecemento das condicións financeiras mundiais. Con respecto a isto, a Asemblea da ONU subliñaba a necesidade de explorar os medios e instrumentos necesarios para lograr a sostibilidade da débeda e as medidas necesarias para reducir o endebedamento dos Estados en desenvolvemento.

No voto a favor da resolución situáronse case a totalidade dos países do hemisferio sur e do continente asiático. Resulta moi significativo indagar que países se mostraron en contra desta resolución; este voto en contra concentrouse fundamentalmente nos países desenvolvidos situados no hemisferio privilexiado e nos principais socios da OTAN. Os Estados Unidos, Canadá, a Unión Europea e Xapón, xunto con Australia e Nova Zelandia esgrimiron como argumento de oposición a esta resolución que o texto trataba de prescribir accións ao Fondo Monetario Internacional (FMI) e ao Banco Mundial (BM).

Durante décadas, organismos internacionais como o FMI e o BM levan ofrecendo liñas de financiamento a países con dificultades económicas para o seu desenvolvemento. Unha actividade necesaria, sen dúbida, para garantir un devir máis xusto no desenvolvemento mundial. Pero estas liñas de axuda ofrecidas adoitan acompañar a imposición dunha liña de axustes nos países receptores, coa suposta intención de garantir a viabilidade desas economías e a devolución das contías prestadas. Porén, para unha parte da comunidade económica máis heterodoxa, o paquete de exixencias impostas como contraprestación ao financiamento destes países

inclúe unha axenda claramente neoliberal con medidas como o recorte do gasto social, a desvalorización da moeda, a liberalización do comercio ou a privatización de empresas estatais.

En calquera caso, o resultado da votación de Nacións Unidas revela unha realidade subxacente que fai tremer á “vella” orde económica internacional, instaurada nunha época na que algúns países en desenvolvemento nin sequera existían aínda como Estados independentes. Fronte á orde económica histórica, a Nova Orde Económica Internacional (NOEI) substitúe o concepto pretérito de “axuda ao desenvolvemento”. En concreto, este termo, acuñado en 1974 na VI Asemblea especial da ONU, implica que existe unha determinada estrutura sistémica que perpetuou a posición de pobreza dalgúns países. Así, dentro da NOEI tratan de recollerse as peticións que os países menos desenvolvidos efectúan aos máis desenvolvidos acerca das regras de funcionamento da economía internacional. Algunhas destas recomendacións históricas incluíron no tempo o impulso a acordos sobre remuneración xusta nas exportacións dos países menos desenvolvidos, a redución dos dereitos arancelarios, o aumento da transferencia de tecnoloxía ao terceiro mundo, o incremento do peso destes países no FMI, e tamén o alivio da débeda exterior destes países e a suba da axuda oficial dos países industrializados ata o 0,7% do PIB.

Mais, se estamos dentro dun proceso de cambio da Orde Económica Internacional, por que se caracterizará esta? Se para un puñado de analistas a pandemia e a guerra de Ucraína supuxeron a fin da era post-Guerra fría, para outros esta fin non está tan clara, vendo as implicacións que o conflito bélico

pode ter a medio e longo prazo na configuración da OTAN e da propia UE. Non obstante, o que si semella máis meridiano é que aparecen novos polos na gobernanza mundial, encabezados nomeadamente por China, que estaría secundada por un gran número de países asiáticos. No futuro posiblemente viviremos nunha nova realidade política e económica máis multipolar na que cada país tratará de garantir a súa propia independencia e seguridade, alén de protexer os seus intereses económicos e industriais, pero dentro dun conxunto de alianzas menos ríxidas e máis baseadas no pragmatismo. Incluso hai quen apunta cara a un incremento da rexionalización das relacións políticas e macroeconómicas.

Para as relacións comerciais mundiais, e dentro deste escenario, caben varias posibilidades de evolución. De acordo coas persoas analistas, a primeira delas é que aumenten os fluxos de capital e o investimento estranxeiro directo (IED) cara a países amigos con baixo risco (friendshoring). Neste contexto, sería fundamental a capacidade dos países por tecer alianzas fóra dos bloques tradicionais. Máis aínda se atendemos a estimacións como as levadas a cabo desde o McKinsey Global Institute, onde suxíren que entre o 15% e o 25% do comercio mundial de bens podería trasladarse a diferentes países nos próximos cinco anos. O resultado desta deslocalización da actividade implicaría, segundo a opinión ofrecida desde Schroders, que o conxunto de países que participan nas cadeas mundiais de valor fose maior nos próximos anos. A segunda das posibilidades estaría máis na liña do reforzo do proteccionismo da actividade comercial e industrial, iniciada na era Trump hai xa un lustro. Nesta dirección, os países

poderían optar pola creación ou aumento das reservas de existencias para garantir o abastecemento das súas cadeas de subministración, o que dalgunha maneira implicaría redundar nun exceso de demanda temporal (que xa se viña producindo desde a pandemia) e que podería aumentar a fenda na relación habitual entre existencias e vendas a nivel agregado. Sexa cal sexa o escenario, o fin da política de covid cero na China augura unha recuperación dos prazos de entrega que se veñen retrasando nos últimos anos, o que sen dúbida debería favorecer que o xigante asiático poida recuperar parte dos niveis de IED recibidos antes da pandemia.

Finalmente, dentro da complexidade da NOEI, novos elementos entrarán en xogo, aínda que non necesariamente a curto prazo. Así, para expertos como Ignacio Ramonet, as vindeiras décadas virán marcadas no político e no económico por fenómenos como o cambio climático e as migracións (fundamentalmente desde o sur), agardándose incluso a irrupción de revoltas ecolóxicas, un fenómeno que non tería por que entender de fronteiras. Por suposto, nun escenario coma o descrito, estes posibles conflitos futuros afectarían á gobernanza mundial, o que diluiría aínda máis a “vella” concepción bipolar do mundo. Desafortunadamente, e para acabar, estas cuestións continúan a ser andrómenas para moitas persoas.

5.3. Cultura de paz en tempos convulsos: os retos do pacifismo diante da invasión rusa na Ucraína.

Por Manuela Mesa

A invasión rusa en Ucraína conmocionou o escenario xeopolítico europeo. Os seus graves efectos no ámbito económico, político, social e de seguridade obrigaron a realizar reformas e tomar decisións que foran impensables meses atrás. A aceleración da transición enerxética baseada na descarbonización e na implantación de enerxías renovables, a modificación da directiva de acollida a refuxiados⁽¹⁾, a aplicación de sancións a Rusia e a utilización do Fondo Europeo de Apoio á Paz para a adquisición e envío de armas a Ucraína, así como o compromiso do incremento dos orzamentos militares⁽²⁾ son algunhas desas medidas, pouco antes difíciles de imaxinar. Alemaña, pese aos seus traumas históricos, asume un “cambio de época” (*Zeitenwende*) no que retorna a política de poder e a guerra na súa contorna próxima. Países como Finlandia e Suecia deixan atrás o seu tradicional modelo de política exterior, seguridade e a tradición nórdica que aposta pola paz no marco multilateral. Cun apoio maioritario das súas sociedades, antigamente remisas á Alianza Atlántica, solicitaron a súa rápida incorporación a esa organización.

Para o pacifismo, a invasión de Ucraína tamén supuxo dilemas políticos e éticos difí-

(1) González-Páramo, Ana (2022). “Luces y sombras de la acogida europea al exilio ucraniano”, en Mesa, Manuela (Coord.) *Cambio de época y coyuntura crítica en la sociedad global. Anuario CEIPAZ 2021-2022*. Madrid: CEIPAZ

(2) Bohigas, Xavier (2022). “¿Qué representa el 2% del PIB en gasto militar”, *El Salto*, 5/7/2022.

ciles de afrontar e debater. Entre o rexeitamento total á guerra e o uso da violencia por enriba de calquera circunstancia, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas recoñeceu que se trata dunha guerra de agresión por parte de Rusia, e en consecuencia, Ucraína apelou o dereito á defensa lexítima, recollido na Carta fundacional da organización e no dereito internacional, e que reivindica o apoio da comunidade internacional. Un dereito a defenderse co que se xustifica moral e politicamente o apoio económico, político e militar que recibiu este país para defenderse da agresión. Pero que tamén supón o risco de prolongar a guerra e impedir que se acadase unha solución negociada, e a posibilidade dunha escalada militar con potencias nucleares implicadas, con escenarios de destrución difíciles de imaxinar. Non é doado resolver este dilema. Fronte a quen estaría disposto a abandonar a Ucraína á súa sorte e chegar á paz mediante a súa derrota, e quen aposta por vencer e humillar a Rusia, ignorando que non se pode derrotar militarmente a unha potencia nuclear, hai poucas saídas. Unha delas é a que presentou o chanceler Olaf Scholz, e a que segue ata agora a Unión Europea: “Rusia non debe gañar, e Ucraína non pode perder”⁽³⁾.

Pero a guerra de Ucraína non é un feito illado ou aleatorio, e debe verse como a expresión dun momento de ruptura da orde internacional, e de crise da globalización e da orde internacional liberal tal e como a coñeciamos ata agora. Esta situación foi cua-

lificada como unha “guerra de interregno”⁽⁴⁾, en referencia a unha expresión utilizada por Antonio Gramsci en 1930. Este concepto resulta útil para explicar o momento actual que, como na década dos anos trinta, se caracteriza pola debilitación das estruturas hexemónicas no plano internacional, e pola aparición de líderes e forzas nacionalistas e de extrema dereita, que impugnan a orde internacional con apostas xeopolíticas arriscadas e terminan recorrendo ao uso da forza, como é o caso de Vladimir Putin. Na versión que se popularizou do uso dese termo por parte de Gramsci este afirmaba que “A crise consiste precisamente no feito de que o vello non remata de morrer, e o novo non pode nacer: nese interregno emerxen os monstros”.

A invasión rusa a Ucraína é un deses monstros que nos interpela, desafia e presenta dilemas que son necesarios abordar. O nacionalismo e o irredentismo extremo que se afirmaron en Rusia foron un dos factores que explican esta invasión e unha guerra que ignora os instrumentos existentes no sistema internacional. Putin nunca recoñeceu nin aceptou a independencia de repúblicas ex-soviéticas como Ucraína ou Belarús, e presentou abertamente a necesidade de que volvesen ser unha gran Rusia.

Dende o pacifismo feminista traballouse historicamente a favor da prevención de conflitos, o diálogo e os procesos de construción de paz. Promoveuse o concepto e práctica da seguridade humana, baseada nas necesidades das persoas e non dos Estados; na satisfacción das necesidades sociais, e non no rearmamento; alertouse dos riscos que entrañan,

(3) “Scholz: Nuestro objetivo es que Rusia no consiga lo que se propone”, 2 de maio de 2022. Dispoñible en: https://www.swissinfo.ch/spa/ucrania-guerra_scholz--nuestro-objetivo-es-que-rusia-no-consiga-lo-que-se-propone/4756225

(4) Sanahuja, José Antonio (2022). “Interregno”, en *Nueva Sociedad* nº 302. Dispoñible en: <https://nuso.org/articulo/302-interregno/>.

das armas nucleares e promoveuse a ratificación do Tratado para a Prohibición das Armas Nucleares (TPAN)⁽⁵⁾. Abordáronse os impactos de xénero que teñen os conflitos armados, que afectan de maneira desproporcionada ás cativas e se manifestan en violencia sexual, feminicidios e no reforzamento dos mandatos de xénero; e se promoveu a participación das mulleres nos procesos de paz para lograr unha paz sostible e duradeira. Esa traxectoria merece recoñecemento e proporcionoulle ao pacifismo feminista visións, experiencias e análises de extraordinario valor. Con todo, ante a invasión rusa de Ucraína, unha vez fracasaron todas as medidas preventivas que se puideron adoptar, presentáronse enormes dilemas, e o pacifismo, máis aló do seu rexeitamento xeral ou abstracto á violencia e a guerra, debe buscar respostas concretas a unha situación que non entraba dentro dos escenarios imaxinables. Nesa procura, hai elementos que se deben incorporar á análise e ás propostas que se poidan formular.

Esta agresión é unha flagrante violación do dereito internacional, en concreto dos artigos 2.4 e 2.7. da Carta das Nacións Unidas, que aluden á obriga de resolver as controversias por medios pacíficos, e á abstención do uso ou ameaza de forza contra a integridade territorial ou a independencia política doutro Estado. O ataque de Rusia a un Estado soberano está definido no dereito internacional inequivocamente como un acto de agresión. Pódese discutir sobre os factores históricos que levaron a esta situación e os elementos xurídicos, políticos e morais que rodean ese

ataque. Pero é un acto ilegal e inaceptable. Isto foi ratificado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, que adoptou unha resolución no mes de marzo de 2022 que condenou a invasión, e esixe de maneira inmediata a Rusia o cesamento das hostilidades e a retirada do territorio ucraíno. A resolución obtivo 141 votos a favor, 5 en contra e 38 abstencións. O texto condena as violacións do dereito internacional humanitario e dos dereitos humanos, e exhorta ás partes a respectar o dereito internacional, facendo mención específica das Convencións de Xenebra de 1949⁽⁶⁾. En suma, esta resolución establece un punto de partida esencial para calquera proposta de negociacións de paz: o cesamento de hostilidades e a retirada do agresor do territorio ucraíno.

Rusia cometeu crimes de guerra de maneira deliberada e sistemática: bombardeou obxectivos civís, como hospitais e escolas, danou a infraestrutura eléctrica, bloqueou a saída de alimentos ao mar, poñendo en perigo a seguridade alimentaria mundial e utilizou armas prohibidas, tal e como se denunciou ante o Consello dos Dereitos Humanos. Eses crimes, xunto aos que poida ter cometido Ucraína, están sendo investigados polo Tribunal Internacional de Xustiza e non pode haber paz aceptable se quedan impunes. Por suposto, violacións do dereito internacional como o uso da forza e crimes de guerra non só se producen en Ucraína, senón tamén noutras zonas en conflito. Poñer fin ás “dobres varas de medir” por parte dos gobernos é unha necesidade para ter lexitimidade neste e noutros conflitos armados e fortalecer o dereito internacional.

(5) Ver: Campaña Internacional para Abolir las Armas Nucleares (ICAN) una coalición global de la sociedad civil para promover la adhesión al Tratado sobre la Prohibición de las Armas Nucleares. <https://www.icanw.org>

(6) Ver: <https://news.un.org/es/story/2022/03/1506132>

Dende o movemento pacifista apélase á diplomacia e á negociación, pero ata a data as iniciativas adoptadas resultaron ineficaces, en parte porque non asumen os elementos antes mencionados e, en parte, debido a que os belixerantes ven posible mellorar as súas posicións no campo de batalla e carécese da capacidade institucional ou coercitiva para obrigar ás partes a negociar. Nin a Unión Europea, nin outras estruturas rexionais contan co poder ou vontade de promover negociacións de paz e rexeitan que poidan chegar a aceptar o feito consumado da conquista de territorios pola forza. Quen debería sentarse a negociar? A OTAN, a UE, Rusia, Ucraína..? Sobre que bases? Nacións Unidas puxo en marcha diversos mecanismos para promover espazos negociados. Con todo, o seu papel viuse limitado polo bloqueo que impón o propio Consello de Seguridade e os seus membros permanentes.

As negociacións de paz, por outro lado, non deberon limitarse ao cesamento do fogo e ao fin das hostilidades entre ambos belixerantes. Será necesario establecer garantías de seguridade aceptables para Ucraína, Rusia, e outros países de Europa, e estas non deberían descansar en alianzas e forzas militares enfrontadas. É necesario reconstruír a arquitectura de seguridade europea de maneira que garanta a paz e a estabilidade, que ofrezca maior autonomía a Europa respecto a Estados Unidos e a OTAN. Isto implica preservar ou reconstruír os acordos internacionais sobre limitación e control de armamentos e non proliferación nuclear, que foron deliberadamente desmantelados, en gran medida polos Estados Unidos, durante as presidenciais de

George W. Bush e Donald Trump⁽⁷⁾.

Finalmente dende o pacifismo é esencial escoitar as voces e propostas de quen sofre directamente a violencia e a agresión e recoñecer a súa axencia e autonomía⁽⁸⁾, aínda que en ocasións desafien os nosos principios e visións. A sociedade ucraína e rusa é diversa e plural, con actores e posicións propias ante esta agresión que deben coñecerse. Existe unha esquerda antirracista e feminista en Ucraína que resiste á invasión rusa, con armas e sen elas. Como explica Daria Saburova, estudante ucraína, rusofalante e marxista, que está facendo a súa tese en Francia sobre Filosofía e que ten a súa familia en Ucraína⁽⁹⁾ (Saburova, 2022), é necesario superar unha posición antimilitarista abstracta que non ten en conta as circunstancias concretas desta invasión e as dificultades da poboación para unha hipotética resistencia civil. Nas súas propias palabras, “Cando se fala do armamento da resistencia ucraína, debe pensarse ante todo nas necesidades dos grupos de defensa territorial que xurdiron da mobilización xeral, así como na necesidade de protección das poboacións civís con armas que permitan derrubar foguetes e repeler os ataques aéreos dos que son albo. Non se pode condenar

(7) De Fortuny, Teresa e Bohigas, Xavier (2019). “Panorama actual y perspectiva de las armas nucleares” en Mesa, Manuela (coord.). *Ascenso del nacionalismo y autoritarismo en el sistema internacional. Anuario CEIPAZ 2018-2019*. Madrid. CEIPAZ; Sanahuja, José Antonio (2022), “Guerras del interregno: la invasión rusa de Ucrania y el cambio de época europeo y global”, en Mesa, Manuela (coord.) *Cambio de época y coyuntura crítica en la sociedad global. Anuario CEIPAZ 2020-21*, Madrid, CEIPAZ, pp. 44-45.

(8) Ver: VV.AA.(20022) “Ucrania: diez lecciones de Siria” en *Viento Sur*, 11 de marzo.

(9) Saburova, Daria (2022).¿Por qué la izquierda debe apoyar el derecho de Ucrania a defenderse?, *Nueva Sociedad*, marzo 2022

á xente común por defender as súas propias vidas e as das súas familias. Os ucráinos decidiron non renderse e ninguén debería reprochárllelo (...) Os ucráinos non loitan contra a guerra: están ao seu pesar en guerra contra Rusia (...) Mentres Rusia se negue a retirar as súas tropas a protección das poboacións civís dependerá tamén, ante todo, da capacidade defensiva do exército ucráino e dos grupos de defensa territorial”.

Ao mesmo tempo o pacifismo ten moito sentido en Rusia, contra a decisión do goberno de facer a guerra. Leváronse a cabo múltiples manifestacións a favor da paz. A represión foi moi dura e o número de persoas detidas moi alto. E non é menos relevante o éxodo que se produciu para evitar a mobilización decretada polo goberno de Putin.

En suma, é esencial recoñecer a axencia da sociedade ucráina e a súa capacidade de resistencia e de acción para definir o futuro. Calquera escenario de futuro ten que incluír as súas necesidades e aspiracións. Haberá que construír unha axenda feminista e pacifista que inclúa ás organizacións ucráinas e rusas e se basee no diálogo con elas e a súa visión da invasión.

5.4. Axenda 2030 e Diásporas.

Por María Eugenia Alamos

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou en setembro de 2015 a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible. Este documento consta de 17 obxectivos (ODS), que intentan abordar as causas da pobreza e as desigualdades, e mais 169 metas complementarias que pretenden acadar as dimensións do desenvolvemento sostible: económica, social

e ambiental. No establecemento deste documento plásmanse tres principios reitores que guiarán todas as accións referidas á migración dentro da Axenda 2030: a universalidade, a inclusión e a asociación, e deixa escrito que a súa aplicabilidade alude a todos os países con independencia do seu estado de desenvolvemento e a todas as poboacións móbiles (persoas refuxiadas, desprazadas e migrantes).

Dende a adopción da Axenda 2030 e o posterior establecemento en 2018 do Pacto Mundial para a Migración Segura, Ordenada e Regular (PMM), xestionáronse no ámbito global constantes avances en termos de gobernanza e desenvolvemento da migración multilateral. Porén, durante o ano 2022, moitas accións que estiveran pausadas durante dous anos debido á pandemia da Covid-19 finalmente viron a luz.

Este é o caso do Cume Global da Diáspora (CGD), que se levou a cabo na cidade de Dublín no mes de abril de 2022. Estivo organizado pola Organización Internacional para as Migracións (OIM), referente internacional en mobilidade humana e organismo coordinador da Rede da ONU sobre a Migración, en colaboración co Goberno de Irlanda e con outros Estados participantes. Neste cumio, convocouse a todas as partes para traballar nos alcances que se obtiveron sobre o Obxectivo 19 do PMM que insta os Estados a “crear condicións para que as persoas migrantes e as diásporas contribúan plenamente ao desenvolvemento sostible en todos os países”.

Este evento inaugurou por primeira vez na historia unha xuntanza internacional dedicada ás diásporas, coa finalidade de unir esforzos entre os gobernos e as organizacións transnacionais. Deste xeito, poderase desenvolver unha visión colaborativa que compro-

meta as comunidades de referencia transnacional como axentes de desenvolvemento sostible a través do diálogo e do fortalecemento das redes de acción, tanto en países de orixe como de destino.

Como resposta, xorde a Declaración de Dublín; esta resulta ser un innovador e significativo instrumento que evidencia a importancia do traballo no vínculo transnacional entre as diásporas e os gobernos implicados.

A declaración é un manifesto en forma de folia de ruta para que as organizacións da diáspora institucionalicen os resultados do cume a través do establecemento de catro eixes constitutivos da diáspora: capital económico, capital humano, capital financeiro, capital social. Estes capitais deben identificarse e despois reflectirse nas políticas e nos programas que xeren asociacións entre sectores en diferentes ámbitos de goberno para crear oportunidades que inclúan solucións, intereses e potencialidades da diáspora.

O fortalecemento das comunidades transnacionais é unha condición esencial para unha sociedade global máis inclusiva que permita un mellor e maior acceso ás oportunidades, independentemente do lugar de orixe ou de destino. Por iso, para as persoas que traballamos na esfera migratoria, resulta ser unha prioridade o feito de termos en conta a importancia da Axenda 2030 para abordar a migración dende a dialéctica presente entre as persoas migrantes e o desenvolvemento, posto que reconece por primeira vez no ámbito internacional o nexo explícito entre ambos os conceptos. Ademais, declara que as persoas migrantes son “axentes do desenvolvemento”.

Dentro dos principios da Axenda 2030 existen dous que cobran especial relevancia para as diásporas nos vindeiros anos:

- o principio de universalidade para promover a colaboración internacional e avanzar cara a unha gobernanza mundial migratoria. Esta deberá estar sustentada en alianzas globais, para recoñecer a contribución positiva que pode ter a migración no desenvolvemento intersectorial.
- o principio de inclusión subscribe a idea de “non deixar ninguén atrás” para considerar as persoas migrantes e a migración en todos os aspectos da Axenda 2030 e identificar as persoas refuxiadas, as desprazadas internas e as migrantes como vulnerables, ás que se debe apoderar e cuxas necesidades deben de abordarse.

Existe unha referencia central á migración e á súa vinculación cos factores que actúan como impulsores de desprazamento na Meta 10.7 que insta a “facilitar a migración e a mobilidade ordenada, segura, regular e responsable das persoas, incluso mediante a aplicación de políticas migratorias planificadas e ben xestionadas”. Un exemplo deste punto foi o fenómeno da crise migratoria de 2015, onde a afluencia repentina e masiva de persoas refuxiadas e desprazadas colapsou o sistema de asilo europeo e xerou dificultades no eido internacional. Non debemos subestimar a importancia que ten a migración para a redución da pobreza nas comunidades de orixe e de destino; resulta imprescindible a inclusión das diásporas na planificación governamental intersectorial.

Neste sentido, hai varios elementos que permiten avanzar no vínculo coas diásporas: un deles son as remesas que, en si mesmo, constitúen un factor de desenvolvemento para as persoas migrantes, os seus fogares e os países involucrados no seu tránsito migracional, que está vinculado coa Meta 17.3

“Mobilizar recursos financeiros adicionais de múltiples fontes para os países en desenvolvemento”. Hai moitos elementos para afianzar as redes transnacionais da diáspora a través de investimentos, filantropía e outros tipos de financiamento que poden aproveitarse para o desenvolvemento intersectorial e mellorar así a saúde, a educación, o emprego, a industria e a infraestrutura.

Como último punto, debemos comprender que moitas persoas integrantes das diásporas tamén posúen tránsitos de retorno para regresar aos seus lugares de orixe ou para volver a vencellarse dende o exterior a través de espazos relevantes no ámbito global, producindo transferencias de coñecementos e capacidades ás súas comunidades con efectos moi positivos. Un exemplo disto manifestouse durante a pandemia da Covid-19, que serviu como estudo para demostrar o rol activo que exerceron as diásporas e os seus referentes transnacionais na axuda humanitaria, o apoderamento en cuestións de xénero e a transferencia de coñecementos e de recursos sanitarios deslocalizados. Deste xeito, amosouse a importancia de consolidar estas redes a través do fortalecemento da Axenda 2030.

5.5. Problemática da Intelixencia artificial e a Biotecnoloxía na política global.

Por Salam Al Rabadi

Quizais a guerra ruso-ucraína foi o evento máis importante que dominou o ano 2022. O uso de armas de intelixencia artificial nesta guerra tivo un papel decisivo, algo que suscitará moitas problemáticas futuras no que concirne á realidade da política global e o

devir da humanidade. Non fai falla dicir que a intelixencia artificial (IA) e a biotecnoloxía terán impactos moi serios en todos os sectores políticos, económicos, de seguridade e culturais, sen mencionar as preocupacións sobre a capacidade de manipular a natureza humana. Estes temas presentan inevitablemente moitas problemáticas estratéxicas no ámbito da política global, que poden expresarse mediante as seguintes preguntas:

Como de preocupante é a posibilidade de que a IA e a biotecnoloxía poidan ser utilizadas para acadar sucios obxectivos políticos?

A que estratexias éticas se supón que debe adherirse a comunidade científica da IA e a biotecnoloxía?

Existe unha visión en termos de política global para abordar estes desafíos?

Debemos recoñecer o feito de que os desafíos da intelixencia artificial e a biotecnoloxía rara vez se estudan de xeito estratéxico. Neste sentido, urxe a necesidade de repensar esta realidade dende un enfoque crítico baseado nunha visión ética, cultural, política e de seguridade, que pode enmarcarse a partir das seguintes problemáticas:

- *Problemática da ciberseguridade e as guerras espaciais.*
- *Problemática do nesgo algorítmico e seguridade social.*
- *Problemática de criterios para o concepto de xustiza algorítmica e dilemas culturais.*
- *Problemática da computación emocional e a automatización da natureza humana.*
- *Problemática de solucións técnicas (modelización) para o cambio climático.*
- *Problemática das guerras xeolóxicas e a*

enseñaría climática futura (armas climáticas).

- *Problemática da ética e política da biotecnoloxía.*
- *Problemática de gobernanza, rendición de contas e control con relación á tecnoloxía.*
- *Problemática da aura de obxectividade que a cultura actual confire aos algoritmos e á ciencia.*

De acordo con estas problemáticas, a política global enfrontará moitas dialécticas en relación con como as tecnoloxías mudan a realidade da política, a sociedade e incluso a natureza humana. Así, no futuro todos os debates centraranse na problemática conexión entre política e ciencia, que se pode expresar a través da seguinte pregunta:

Ata que punto as sociedades deber ser dirixidas e controladas pola intelixencia artificial e pola biotecnoloxía? E en que termos?

Neste contexto, malia as complexidades que enfrontará a problemática da relación entre ciencia e política, o tema máis conflictivo seguirá sendo a dialéctica do impacto da ciencia na natureza humana. En consecuencia, a pregunta é:

E se a evolución humana biolóxica normal xa non fose absolutamente necesaria?

Inevitablemente, hai moitos signos de interrogación con respecto aos temores e dúbidas que arrodean o desenvolvemento da intelixencia artificial, os robots e as biotecnoloxías, posto que semella que entre eles xa non queda vencello biolóxico. Daquela, un dos temas futuros que xurdirán no campo das humanidades é a problemática da natureza da relación humana coa intelixencia artificial e a posibilidade da súa superioridade sobre ela, sen mencionar as múltiples dialécticas entre

as humanidades, a bioloxía e a neurociencia. Esta realidade dará lugar a varios interrogantes na política global sobre o determinismo tecnolóxico:

Existen novos modelos de selección porque os robots e a biotecnoloxía controlan o destino da humanidade máis ca os xenos biolóxicos? Como se poden abordar de xeito teórico e práctico estes modelos no ámbito político?

Cales son os valores éticos e culturais que se supón que debemos respectar? E quen decidirá iso?

Sobre a base destas preguntas futuras, con consideracións científicas enlazadas con intereses comerciais, volveuse imperativo en termos políticos e morais que os estados se involucren. Antes había moitas tecnoloxías pouco éticas que se sometían a escrutinio político no ámbito mundial. De feito, a mellor evidencia de que o control é posible pode ser o intento de prever a proliferación de armas de destrución masiva ou de establecer rigorosos controis sobre os experimentos de clonación humana.

Por tanto, debemos adoptar unha visión moderna e preocuparnos polo establecemento de leis e tratados claros e inequívocos no que respecta ao enfrontamento destas problemáticas, especialmente no eido do dereito penal internacional. Por exemplo, o Estatuto da Corte Penal Internacional debe emendarse para que se adapte a estes riscos como unha especie de seguridade global proactiva, de xeito que a xurisdición da corte se amplíe para incluír futuros crimes que ameacen o destino da humanidade. Deste xeito, estarán relacionados coas seguintes problemáticas:

- *A revolución biotecnolóxica.*
- *O cambio climático.*

- *A intelixencia artificial e a computación emocional.*

Ao rastrexarmos o contexto do desenvolvemento das relacións internacionais e o dereito penal internacional no eido teórico e no práctico, evidénciase que estes non seguen o ritmo dos novos modelos globais. Así, ante a existencia de conceptos políticos vagos, xorde a necesidade de adoptar o principio de responsabilidade penal de maneira explícita e disuasiva ante a provocativa incerteza asociada á tecnoloxía.

En consecuencia, existen interrogantes e dúbidas reais sobre se o desenvolvemento biolóxico natural dos humanos xa non é necesario en absoluto, como resultado dos desenvolvementos da intelixencia artificial e a biotécnica. De aí o feito de que a problemática da cuestión da contradición entre os futuros da intelixencia artificial e a biotecnoloxía coa natureza humana imporase inevitablemente na area política e na ética. Aquí débense considerar as seguintes problemáticas:

Existe unha necesidade política urxente de saber cales son as condicións biolóxicas naturais para a existencia humana?

A realidade da problemática tecnolóxica require investigar a natureza da política ou a política da natureza?

En resumo, nos vindeiros anos, é probable que o modelo de transformacións tecnolóxicas que se relaciona coa intelixencia artificial, a robótica, a biotecnoloxía e o internet das cousas teña un impacto significativo no equilibrio de poder na política mundial. Este impacto incrementará as políticas de nacionalización da innovación tecnolóxica (como áreas estratéxicas e parte integral da seguridade biolóxica e cibernética dos estados). Por esta razón, no que alude ás relacións internacionais, ese modelo require que se formule a seguinte pregunta:

Temos que coñecer a cultura e as ideas das persoas que traballan no ámbito científico arredor da intelixencia artificial e da biotecnoloxía, antes de estudar as que son líderes políticas, para comprendermos a realidade estratéxica da política global e o futuro da humanidade?

6.

As personaxes do ano

6.1. Francia Márquez



Naceu no 1981 polo que conta con 42 anos. É licenciada en Dereito e activista medioambiental e polos Dereitos Humanos desde a xuventude. É a actual Vicepresidenta da República de Colombia desde o 7 de agosto de 2022 (a segunda muller e primeira afrodescendente en ocupar o cargo) tras acompañar a candidatura electoral de Gustavo Petro ás eleccións presidenciais do 29 de maio do 2022. Representa a cuarta onda feminista e os avances sociais da poboación afrodescendente nas Américas. No seu primeiro ano ao cargo da Vicepresidencia do goberno colombiano caracterizouse pola súa proximidade aos movementos sociais e por poñer en marcha o Ministerio de Igualdade e Equidade.

6.2. Nancy Pelosi



Naceu no 1940 polo que conta con 83 anos. É licenciada en Ciencias Políticas. Ligada á política e ao Partido Demócrata por vínculos familiares, desde a súa xuventude participou en política. Entre outros moitos cargos foi presidenta da Cámara de Representantes dos Estados Unidos en dúas ocasións, entre 2007 e 2011 e entre 2019 e 2023. O 2 de agosto do 2022 visitou Taiwán como maneira de visibilizar o apoio estadounidense ás reclamacións de soberanía taiwanesas e a súa “vibrante democracia”. A súa visita desatou o enfado do goberno chinés, ao considerar a visita dun funcionario estadounidense de alto rango a Taiwán como unha violación da integridade territorial, a soberanía e os intereses estratéxicos da República Popular China, iniciando unhas espectaculares manobras militares por mar e aire, aumentando a percepción de que o risco dun conflito grave nesta década é cada vez máis alto.

6.3. Giorgia Meloni



Naceu no 1977 polo que conta con 47 anos. É licenciada en Xornalismo e actual Presidenta do Consello de Ministros de Italia desde outubro de 2022. É a primeira muller en ocupar a Presidencia italiana, mais conta con unha longa e provocadora carreira política ligada ás distintas familias da dereita e extrema dereita italiana (no 2008 anos, foi nomeada Ministra de Xuventude no cuarto gabinete de Berlusconi). Dirixe o partido político Irmáns de Italia (FdI) desde 2014, sendo tamén a presidenta do Partido Conservador e Reformista Europeo desde 2020. Gañou as eleccións italianas do 25 de setembro do 2022 cun 26,1% dos votos e o apoio de Forza Italia (Berlusconi) e Liga Norte (Matteo Salvini), cos que sumou o 44% dos votos emitidos. A Revista Forbes nomeouna como a sétima muller máis poderosa do mundo no 2022. Aínda sen cumprir o seu primeiro ano de goberno a súa Presidencia está a caracterizarse polo pragmatismo, fuxindo das súas posicións máis polémicas.

6.4. Mahsa Amini



Naceu no ano 2000, polo que contaba con 22 anos cando faleceu en setembro do 2022 logo de ser arrestada pola Policía Moral do Goberno de Irán, para facer cumprir publicamente as normas do hiyab. Estudante de xornalismo e activista polos dereitos das mulleres, a súa morte desatou unha onda de protestas en Irán con impacto a nivel mundial. As protestas provocaron miles de encarceramentos e a morte dun número indeterminado de persoas, que oscila entre as máis de 500 que defende Axencia de Noticias de Activistas de Dereitos Humanos (HRANA polas súas siglas en inglés) ás menos de 50 recoñecidas polo goberno. Os incidentes concentráronse maiormente no Kurdistán iraní. O Fiscal Xeral do País, Mohammad Jafar Montazeri, anunciou o desmantelamento da Policía da moral, así como outras medidas aperturistas, o 2 de decembro do 2022.

6.5. Lula Da Silva



Naceu no ano 1945 polo que conta con 78 anos. Obreiro metalúrxico, sindicalista e político, é membro fundador e presidente de honra do Partido dos Traballadores, co que se converteu en Presidente do Brasil no ano 2002, sendo reelixido no 2006, rematando o seu mandato o 1 de xaneiro de 2011. No marco do caso de corrupción de Petrobras, Lula foi condenado a nove anos e seis meses de prisión. O 7 de abril de 2018 foi preso e pasou 580 días en prisión. Despois de ser liberado no 2019 por cumprir a súa condena, no 2021 un dos xuíces do Tribunal Supremo anulou todas as sentenzas ditadas contra Lula ao caer o proceso seguido de competencia. No 2022 presentou oficialmente a súa candidatura presidencial, gañando nunha axustada votación a Jair Bolsonaro co 50.9% dos sufraxios emitidos na segunda volta do 30 de outubro. Os partidarios do Jair Bolsonaro mobilizáronse durante meses sen recoñecer o resultado. Trala toma de posesión do 1 de decembro do 2023, o 7 de xaneiro os bolsonaristas asaltaron a Praza dos Tres Poderes, nunhas imaxes moi semellantes ás do asalto ao Capitolio do 2021 trala derrota electoral de Donald Trump.



IGADI

ANNUAL REPORT 2022-2023

Globalización e multipolaridade en tempos de Guerra

INSTITUTO GALEGO DE ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN INTERNACIONAL



En Galicia temos opinión do Mundo

www.igadi.gal

